

**INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO DO PROXECTO DO ORZAMENTO DO
CONCELLO DE VIGO PARA O EXERCICIO 2026****EXPEDIENTE: 97/142**

Atendendo á solicitude realizada pola Dirección Superior Contable e Orzamentación de data 08/07/2025, emítese o presente informe sobre o impacto de xénero do proxecto do orzamento para o futuro exercicio 2026 dos programas orzamentarios dos seguintes servizos: Igualdade, Benestar Social, Desenvolvemento Local e Emprego, Educación, Promoción e Xestión Cultural, Normalización Lingüística, Xuventude, Deportes e Participación Cidadá.

ÍNDICE:

I. ANTECEDENTES.....	3
II. NORMATIVA DE REFERENCIA.....	5
III. METODOLOXÍA.....	8
IV. ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS PROGRAMAS ORZAMENTARIOS	
• Igualdade. Programa orzamentario 2311.....	12
• Benestar Social. Programa orzamentario 2310.....	40
• Desenvolvemento local e Emprego. Programa orzamentario 2410.....	49
• Educación. Programas orzamentarios:.....	55
◦ 3200: Administración xeral de Educación	
◦ 3230: Funcionamento de centros docentes de ensino pr.	
◦ 3231: Promoción educativa	
◦ 3260: Servizos complementarios de Educación	
◦ 3261: Escola de Artes e Oficios	
• Promoción e xestión cultural. Programas orzamentarios:.....	67
◦ 3321: Bibliotecas públicas	
◦ 3331: Equipamentos culturais	
◦ 3340: Promoción cultural	
• Normalización Lingüística. Programa orzamentario 3341.....	76
• Xuventude. Programa orzamentario 3370.....	82
• Deportes. Programas orzamentarios:	89
◦ 3410: Promoción e fomento do deporte	
◦ 3420: IMD Instalacións deportivas	
• Participación Cidadá. Programa orzamentario 9240.....	92



**SERVIZO DE
IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO**

**CONCELLO DE
VIGO**



V. CONCLUSIÓNS.....	93
a. Análise cuantitativa dos principais datos e indicadores.....	93
b. Análise cualitativa dos principais datos e indicadores.....	103



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:53

Páxina 2 de 107

97-142

CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



I. ANTECEDENTES

En data 01/07/2025, o Sr. Alcalde-presidente do Concello de Vigo resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2026. O concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 29/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023) e 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), modificada pola Resolución do 25/09/2025 (BOPPO núm. 186 do 30 de setembro de 2025), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 (BOPPO núm. 115 do 18 de xuño de 2025), modificado polo Acordo de data 26/09/2025 (BOPPO núm. 118 do 2 de outubro], ditou as directrices de formación do proxecto do orzamento.

A Área de Orzamentos e Facenda, mediante solicitude de data 08/07/2025, require ao Servizo de Igualdade que emita un informe sobre o impacto de xénero para incorporar na documentación que conforma o orzamento desta administración local do ano 2026, e que debe alcanzar os programas de gasto que teñen relación co obxectivo. Remite, ademais, información sobre as partidas de gasto previstas para o ano 2026. Os departamentos municipais seleccionados pola Área de Orzamentos e Facenda para incluír no dito informe son os seguintes: Igualdade, Benestar Social, Desenvolvemento Local e Emprego, Educación, Promoción e Xestión Cultural, Normalización Lingüística, Xuventude, Deportes e Participación Cidadá.

En concreto, solicítase que o informe conteña a seguinte información:

Na información sobre os programas e as dotacións orzamentarias figuran aqueles/as que poden ter impacto de xénero, identificando aquelas que teñen destinatarios/as singulares por razón de xénero masculino ou feminino, así como políticas orzamentarias e accións desenvolvidas que se manteñen no Orzamento do ano 2026 para esta finalidade.

Deberase ter en conta o número de persoas usuarias ou beneficiarias por xéneros das accións previstas tendo en conta a información enviada e a coñecida.

Para concretar as medidas, deberase incorporar datos ou accións concretas conducentes a reducir o impacto de xénero.

O Servizo de Igualdade non dispón dos datos necesarios para analizar o impacto de xénero dos programas orzamentarios seleccionados pola Área de Orzamentos e Facenda e que son alleos ao propio Servizo. Por isto, en datas 9 e 11 de xullo de 2025, o responsable superior Contable e Orzamentario solicitálles aos distintos Departamentos municipais obxecto de valoración a información relativa ao impacto de xénero dos seus programas orzamentarios. Esta solicitude acompáñase dun documento elaborado polo Servizo de Igualdade onde se explican os criterios a seguir á hora de seleccionar os programas ou accións con impacto de xénero positivo (directo ou indirecto), así como unha serie de indicadores e exemplos de medidas que poderían ser susceptibles de incluírse na análise, os datos necesarios para realizala, e un esquema para que os distintos servizos fosen incluíndo a información da forma máis homoxénea posible.

Desde o mes de xullo e ata o 22 de setembro, os distintos Servizos foron achegando os datos relativos aos seus respectivos Departamentos: Igualdade, Benestar Social, Desenvolvemento Local e Emprego, Educación, Promoción e Xestión Cultural, Normalización Lingüística, Xuventude, Deportes e Participación Cidadá.



**SERVIZO DE
IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO**

**CONCELLO DE
VIGO**



A partir da información achegada polos servizos, o coñecemento propio e a información sobre as partidas de gasto previstas para o ano 2026 enviadas pola Dirección Superior Contable, o Servizo de Igualdade realiza este informe de impacto de xénero sobre o proxecto do orzamento do ano 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:53

Páxina 4 de 107

97-142

CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



II. NORMATIVA DE REFERENCIA

No ámbito internacional:

- Declaración e Plataforma de Acción de Beijing (adoptada na IV Conferencia Mundial da Muller de Nacións Unidas en Bejing en 1995): os Estados (entre eles, España) asumen o compromiso de incorporar a perspectiva de xénero no deseño, desenvolvemento, adopción e execución de todos os procesos orzamentarios de forma coherente para promover a distribución dos recursos igualitaria, efectiva e apropiada para acadar a equidade de xénero e o empoderamento das mulleres.

- Tratado de Ámsterdam (1999) que modifica o Tratado Constitutivo da Unión Europea: recolle no seu articulado como misión da Unión Europea a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres e a necesidade de promover a súa igualdade, introducindo este principio en todas as políticas e en todos os programas.

- Estratexia para a Igualdade entre mulleres e homes 2010-2015 (Comisión Europea): determina que se ha de integrar a perspectiva de xénero no conxunto das políticas que leven a cabo (...) e tamén mediante procesos de análises de impacto e avaliación.

- Compromiso estratéxico para a igualdade entre mulleres e homes 2016-2019 (Comisión Europea): introdúcese o compromiso a nivel europeo de integrar a perspectiva de xénero na preparación, deseño, aplicación, supervisión e avaliación de políticas, actos normativos e programas de gasto.

- Estratexia para a igualdade de xénero 2020-2025 (Comisión Europea): prevé a meta de conseguir unha Unión na que as mulleres, os homes, os nenos e as nenas, en toda a súa diversidade, dispoñan de liberdade para seguir o camiño que elixan na vida, gocen das mesmas oportunidades para prosperar e poidan conformar e dirixir por igual a sociedade europea na que vivimos. Para isto, a Estratexia adopta unha proposta dual de integración da perspectiva de xénero combinada con actuacións específicas e descansa na interseccionalidade como principio horizontal para a súa aplicación.

- A Axenda 2030 (programa impulsado polas Nacións Unidas): conta con 17 obxectivos de desenvolvemento sostible. O obxectivo 5 está dedicado a “lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas”. Este obxectivo inclúe, entre outras, as seguintes metas específicas: *poñer fin a todas as formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo e aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.*

No ámbito estatal:

- Constitución Española, artigos 9.2 e 14: proclama a igualdade de todas e todos as/os españolas/españóis e a obriga dos poderes públicos de remover os obstáculos que a impidan.

- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno: establece a obrigatoriedade de acompañar os anteproxectos de lei e regulamentos normativos dun informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas establecidas no mesmo.





- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

- Artigo 14.11. Son criterios xerais de actuación das administracións públicas: *a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas.*

- Artigo 15. Transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As Administracións públicas integraranos, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e presupostación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

- Artigo 19. Informes de impacto de xénero.

Os proxectos de disposicións de carácter xeral e os plans de especial relevancia económica, social, cultural e artística que se sometan á aprobación do Consello de Ministros deberán incorporar un informe sobre o seu impacto por razón de xénero.

- Artigo 20. Adecuación das estatísticas e estudos.

Co obxecto de facer efectivas as disposicións contidas nesta Lei e que se garanta a integración de modo efectivo da perspectiva de xénero na súa actividade ordinaria, os poderes públicos, na elaboración dos seus estudos y estadísticas, deberán:

a) Incluír sistematicamente a variable de sexo nas estadísticas, enquisas e recollida de datos que leven a cabo.

b) Establecer e incluír nas operacións estadísticas novos indicadores que posibiliten un mellor coñecemento das diferencias nos valores, roles, situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes, a súa manifestación e interacción na realidade que se vaia analizar.

c) Diseñar e introducir os indicadores e mecanismos necesarios que permitan o coñecemento da incidencia doutras variables cuxa concorrencia resulta xeradora de situacións de discriminación múltiple nos diferentes ámbitos de intervención...

- Plan estratéxico para a igualdade efectiva de mulleres e homes 2022-2025: introduce, entre as súas liñas de traballo e obxectivos específicos para o bo goberno, *integrar a perspectiva de xénero nos presupostos.*

No ámbito autonómico:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. No seu Título II, co obxecto da erradicación do uso sexista da linguaxe, establece:

- *Artigo 20.1: coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico integrarán a dimensión da igualdade de trato e oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.*





- Artigo 31. Definición do uso non sexista da linguaxe: *O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do masculino. A visibilización do feminino terá en conta, cando proceda, a situación particular das mulleres afectadas por discriminación múltiple ou interseccional.*

No ámbito local:

- IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013: recolle as directrices que deben orientar a actividade da Administración Local en materia de igualdade. As 140 medidas en total que recolle o Plan estrutúranse en doce eixos de actuación. Dentro do eixo 12, cuxo obxectivo xeral é *Facer transversal o compromiso e a acción do Concello de Vigo coa igualdade entre mulleres e homes e na interpretación e aplicación das normas e na dotación dos medios materiais e humanos necesarios*, establécese, entre outras, a seguinte medida:

- Medida 12.4: *Aplicarase a perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais.*





III. METODOLOXÍA

Xeralmente, o orzamento é considerado un instrumento neutro ao xénero, xa que se presenta en termos de agregados financeiros, sen existir unha mención expresa nin das mulleres nin dos homes.¹ Non obstante, calquera política pública ou normativa que teña impacto directo na vida das persoas, debe ter en conta a situación de partida na que se atopan estas. Homes e mulleres ocupan posicións económicas e sociais distintas, que xeran desigualdades, desvantaxes e discriminacións. Deste modo, as actuacións públicas non afectarán de igual forma a mulleres e a homes que xa parten de posicións distintas. Se non se teñen conta estas desigualdades á hora de planificar as políticas públicas, estaremos afondando e perpetuando a desigualdade e a discriminación.

O obxectivo da elaboración do informe de impacto de xénero dos orzamentos públicos é determinar a contribución do presuposto aos obxectivos das políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Trátase de analizar se os gastos que realizan as administracións públicas contribúen a diminuír, aumentar ou manter as disparidades existentes nas condicións de vida de mulleres e homes, fundamentalmente nas consecuencias que ten para as mulleres a tradicional división sexual do traballo, tanto na esfera produtiva como na reprodutiva. Os presupostos con enfoque de xénero introducen, entre os criterios de definición do propio presuposto, a necesidade de contribuír á modificación das desigualdades de xénero existentes, equilibrando e distribuindo os recursos de maneira xusta, para atender as necesidades de toda a poboación, tendo en conta as condicións e posicións desiguais detectadas que inciden nas vidas de homes e mulleres.²

Os presupostos con perspectiva de xénero requiren da análise dos presupostos municipais na súa totalidade, incluíndo todos os departamentos e programas orzamentarios. Isto é necesario pois, malia que un programa ou acción non pareza discriminatorio a priori, pode finalmente ter o efecto inesperado de discriminar ou perpetuar as desigualdades, se non se ten en conta que, na maioría das áreas, mulleres e homes parten de situacións diferentes.³ Non obstante, algunhas áreas e determinados programas orzamentarios terán maior capacidade de incidir sobre a igualdade que outros, ao ter relación co acceso das persoas a bens e servizos, ou por ter maior capacidade de incidir sobre os roles de xénero.

A proposta da Dirección Superior Contable e Orzamentación, este informe centrarase na análise dunha serie de programas orzamentarios pertencentes a ámbitos con maior capacidade de influencia sobre os obxectivos de igualdade, xa sexa de forma directa ou indirecta. Isto permitirá achegarnos a unha mellor comprensión e identificación das partidas e programas que contribúen a avanzar cara unha sociedade máis igualitaria, sen prexuízo de que a estrutura e o contido do informe sexan obxecto dunha evolución no futuro.

As áreas seleccionadas pola Área de Orzamentos e Facenda para a realización da análise do impacto de xénero dos seus programas orzamentarios son as seguintes: Igualdade, Benestar Social, Desenvolvemento Local e Emprego, Educación, Promoción e Xestión Cultural, Normalización Lingüística, Xuventude, Deportes e Participación Cidadá.

- 1 Jubeto, Yolanda. "Los presupuestos con enfoque de género: una apuesta feminista a favor de la equidad en las políticas públicas; en *Cuadernos de trabajo*, nº 43. Instituto de Estudios sobre desarrollo y cooperación local. Universidad del País Vasco.
- 2 Informe de impacto de género de los presupuestos de Ajuntament de València para el año 2021.
- 3 Guía para identificar la pertinencia de género. Instituto Andaluz de la Mujer. 2005.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 8 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Seguindo os criterios facilitados, as xefaturas dos distintos Servizos proporcionaron a información dos programas susceptibles de incorporarse a esta análise. Así, a valoración do impacto de xénero contida neste informe é realizada polo Servizo de Igualdade a partir desta información, tendo en conta os datos e tamén a valoración realizada polos propios servizos xestores dos programas.

Para a realización desta análise, tómasse en conta a metodoloxía proposta na “Guía metodolóxica para a elaboración da memoria de análise de impacto normativo”, conforme o establecido no Real Decreto 931/2017, do 27 de outubro, polo que se regula a memoria da análise de impacto normativo, así como a metodoloxía contida na publicación do Instituto da Muller “Estratexias para a integración da perspectiva de xénero nos presupostos públicos”.

Íranse analizando os programas desenvolvidos por cada un destes Servizos municipais, seguindo os seguintes criterios:

1º Identificación do programa ou proxecto, aplicación orzamentaria e gasto previsto para o exercicio 2026 na data de emisión deste informe.

2º Descrición da acción e finalidade que persegue.

3º Clasificación do programa segundo o impacto de xénero directo ou indirecto que cause.⁴

- Impacto de xénero directo: aqueles programas que teñen por finalidade a igualdade de oportunidades e/ou inciden directa e fundamentalmente nas mulleres. Trátase de intervencións que contribúen a modificar as causas e os efectos da desigualdade de xénero e que, sen carácter exhaustivo, se poden clasificar nos seguintes grupos:
 - Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e a promover a súa autonomía e o exercicio dos seus dereitos.
 - Programas ou accións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- Impacto de xénero indirecto: programas nos que a igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, pero no seu deseño e implementación tense en conta o efecto potencial desta: porque promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción, porque integra colectivos vulnerables, porque dirixe as súas accións a cubrir necesidades prácticas das mulleres, porque incorporan medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes ou porque fomentan a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

4º Persoas destinatarias ou beneficiarias destes programas, desagregadas por sexo: para estimar cantas persoas poden ser beneficiarias destes programas para o período 2026, tomáronse en conta os datos desagregados en función do sexo relativos ao ano 2024, por tratarse do último exercicio pechado que nos permite analizar os datos nun período anual. Non obstante, para os

⁴ Proposta elaborada polo Servizo de Igualdade do Concello de Vigo adaptada de Zabalaga (2013): *Categorías para a análise e a orientación da inversión pública en igualdade de xénero*. ONU MUJERES, así como do Informe de impacto de género de los presupuestos del Ajuntament de València para el año 2022 e Informe de impacto de género del presupuesto del Ayuntamiento de Castelló 2022.





programas que na data de elaboración do informe estiveran totalmente executados, tomouse como referencia os datos do ano 2025, por ser a referencia máis actual.

5º Detección de usos sexistas na linguaxe: se se emprega unha linguaxe e unha imaxe inclusiva e igualitaria en todo soporte material e audiovisual no desenvolvemento, organización, difusión e execución das súas actividades sen manifestar estereotipos de xénero. Se utiliza imaxes que visibilicen a achega de mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar, ou visibiliza a homes en facetas de coidados e domésticas, ou promove a visibilidade e proporcionalidade da representación de homes e mulleres.





IV. ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS PROGRAMAS ORZAMENTARIOS

A continuación, analízanse os programas orzamentarios dos seguintes departamentos municipais:

- Igualdade. Programa orzamentario 2311
- Benestar Social. Programa orzamentario 2310
- Desenvolvemento Local e Emprego. Programa orzamentario 2410
- Educación. Programas orzamentarios:
 - 3200: Administración xeral de Educación
 - 3230: Funcionamento de centros docentes de ensino
 - 3231: Promoción educativa
 - 3260: Servizos complementarios de Educación
 - 3261: Escola de Artes e Oficios
- Promoción e Xestión Cultural. Programas orzamentarios:
 - 3321: Bibliotecas públicas
 - 3331: Equipamentos culturais
 - 3340: Promoción cultural
- Normalización Lingüística. Programa orzamentario 3341
- Xuventude. Programa orzamentario 3370
- Deportes. Programas orzamentarios:
 - 3410: Promoción e fomento do deporte
 - 3420: IMD Instalacións deportivas
- Participación Cidadá. Programa orzamentario 9240



**SERVIZO DE IGUALDADE**

Programa orzamentario: 2311-Igualdade de xénero

Orzamento total previsto para o exercicio 2026: 1.647.887,49 €, desglosado do seguinte xeito:

Cap.1 Gastos de Persoal: 568.230,10 €

Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos: 506.857,39 €

Cap. 4 Transferencias correntes: 502.800,00 €

Cap. 6 Inversións reais: 70.000,00 €

O Servizo de Igualdade é o servizo que desenvolve as competencias municipais directas en materia de igualdade entre mulleres e homes, polo que será o Servizo que realice esta análise a partir da información que facilite o resto de áreas. Comezarase analizando os programas orzamentarios deste Servizo.

Accións/programas/servizos:

A continuación, irán describíndose as distintas accións, programas e servizos correspondentes a cada capítulo de gasto, seguindo o seguinte esquema:

Cap.1. Gastos de Persoal: 568.230,10 €

1. Oficina de Igualdade.
2. Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos: 506.857,39 €

3. Programa de atención psicolóxica a menores, fillas e fillos de mulleres en situación de violencia de xénero usuarias do Centro de Información.
4. Rede municipal de vivendas de protección a mulleres en situación de violencia de xénero e aos seus fillos e ás súas fillas.
5. Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia. SADI.
6. Casa das Mulleres.
7. Centro de Documentación e Recursos Feministas.
8. Actividades formativas para mellorar a empregabilidade de mulleres en situación de vulnerabilidade social.
9. Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a igualdade de oportunidades, a perspectiva de xénero e a prevención e o tratamento da violencia de xénero.
10. Campañas de sensibilización e concienciación social a prol da igualdade de oportunidades, a prevención e ao rexeitamento da violencia de xénero.
11. Actividades formativas en igualdade de xénero.





12. Campamentos urbanos con perspectiva de xénero para menores de 12 anos
13. Programas coeducativos dirixidos á comunidade escolar.
14. Punto Lila. Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio.
15. Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo.
16. Reparacións e mantemento dos servizos adscritos.
17. Gastos de locomoción e outros gastos do persoal adscrito.

Cap. 4 Transferencias correntes: 502.800,00 €

18. CEMVI. Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero.
19. Promoción da igualdade e do deporte feminino.
 - 19.1. Subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a promoción das mulleres.
 - 19.2. Subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino.
20. Convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres contra os Malos tratos de Vigo.
21. Axudas económicas directas a mulleres en situación de violencia de xénero.
22. Convenio de colaboración coa Fundación Santa Cruz para o acollemento transitorio de vítimas de violencia de xénero.
23. Convenio de colaboración coa entidade FUNDAMAR para o desenvolvemento do proxecto "Sereas".

Cap.6 Inversións Reais: 70.000,00 €

24. Mobiliario
25. Investimento reparación cuberta CEMVI e outras melloras

CAPÍTULO 1. GASTOS DE PERSOAL

Partidas: 1200000;1200100;1200300;1200400;1200600;1210000;1210001;1210003;1210004;1210100;1210101;1210103;1210104;1600000;1620000

Crédito previsto no proxecto do orzamento: 568.230,10 €

A totalidade do orzamento destinado ao Cap. 1 da Área de Igualdade para o exercicio 2026 terá un impacto de xénero positivo directo.

Este orzamento destínase a sufragar o persoal do Servizo de Igualdade, a través dos seguintes servizos:

- Oficina de Igualdade.
- Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.





1. Oficina de Igualdade

Persoal:

- 1 xefa de Servizo
- 1 axente de igualdade de oportunidades
- 1 administrativa
- 1 auxiliar administrativa

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Servizo municipal que xestiona a programación do Servizo de Igualdade, avalía as políticas de igualdade e fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos apoiando o seu asociacionismo.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Desde a Oficina de Igualdade desenvólvense os seguintes tipos de programas:

- Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e a promover a súa autonomía e o exercicio dos seus dereitos.
- Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.
- Programas ou medidas que fomentan a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao Servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusivas e non sexistas.

2. Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

Persoal:

- 1 auxiliar administrativa
- 1 asesora xurídica
- 2 psicólogas
- 2 traballadoras sociais

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Servizo de información, orientación, asesoramento específico e integral e multidisciplinar a mulleres, en especial, a mulleres en situación de violencia de xénero. A atención comprende o asesoramento xurídico, psicolóxico e social.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e a promover a súa autonomía e o exercicio dos seus dereitos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 14 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):**

Durante o ano 2024 (último exercicio pechado), atendéronse 1021 mulleres que xeraron 3.591 visitas ás profesionais e 5.594 consultas. Destas mulleres, 504 realizaron 3.900 consultas relacionadas coa súa situación de violencia de xénero con algunha das profesionais do Centro de Información.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao Servizo integra unha linguaxe e unha imaxe inclusivas e non sexistas.

CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

Crédito previsto no proxecto do orzamento: 506.857,39 €

A práctica totalidade (99%) do orzamento destinado ao Cap. 2 da Área de Igualdade para o exercicio 2026 terá un impacto de xénero positivo directo, dado que este orzamento corresponde a xestión de programas, actividades e servizos dirixidos a promover a igualdade de oportunidades e a remover a discriminación e/ou fomentar a participación das mulleres. Non obstante, tamén se inclúen dentro deste orzamento as partidas de gasto correspondentes a sufragar as tarefas auxiliares como transporte e mensaxería, mantemento e reparacións dos servizos, etc., que, malia non ter unha finalidade directa de promoción da igualdade de xénero, van dirixidas a mellorar os recursos e servizos. Por tanto, podemos considerar que esta parte do orzamento, que supón aproximadamente o 1% do capítulo, terá un impacto de xénero positivo indirecto.

A continuación, descríbense os programas máis destacados que xestiona este servizo municipal así como os datos da experiencia pasada que avalan a continuidade dos mesmos no exercicio futuro. Irán desenvolvéndose seguindo o seguinte esquema:

Servizos, programas e recursos específicos de prevención e tratamento da violencia de xénero e de acollida, atención e intervención coas súas vítimas:

Programa de atención psicolóxica a menores, fillas e fillos de mulleres en situación de violencia de xénero usuarias do Centro de Información.

Rede municipal de vivendas de protección a mulleres en situación de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

Servizos, programas e recursos dirixidos a combater a discriminación das mulleres e a promover a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres:

Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia. SADI.

Casa das Mulleres.

Centro de Documentación e Recursos Feministas.

Actividades formativas para mellorar a empregabilidade de mulleres en situación de vulnerabilidade social.





Programas e recursos para a sensibilización, formación e promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero:

Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a igualdade de oportunidades, a perspectiva de xénero e a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

Campañas de sensibilización e concienciación social a prol da igualdade de oportunidades, a prevención e ao rexeitamento da violencia de xénero.

Actividades formativas en igualdade de xénero.

Campamentos urbanos con perspectiva de xénero para menores de 12 anos.

Programas coeducativos dirixidos á comunidade escolar.

Punto Lila. Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio.

Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Reparacións e mantemento dos servizos adscritos.

Gastos de locomoción e outros gastos do persoal adscrito.

3. Programa de atención psicolóxica a menores fillas e fillos de mulleres en situación de violencia de xénero

Partida de gasto: "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906

Gasto previsto: 14.648,40 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Ofrece apoio psicolóxico a menores de idade, fillos e fillas de mulleres en situación de violencia de xénero a través de sesións individuais cunha psicóloga especializada na materia. Ten como obxectivo minimizar o impacto psicolóxico que produce este tipo de violencia sobre os/as menores. Finalidade asistencial, psicoeducativa e preventiva.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Medida focalizada en mulleres en situación de violencia de xénero e as súas fillas e aos seus fillos menores.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Durante o ano 2024 (último exercicio pechado), atendéronse 95 menores: 46 nenas e 49 nenos. Ademais, foron beneficiarias 76 mulleres en situación de violencia de xénero, nais dos e das menores atendidos/as. Estímase unha cifra similar para o exercicio 2026.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e unha imaxe inclusivas e non sexistas.



**4. Rede municipal de vivendas de protección a mulleres en situación de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos****Partidas de gasto:**

- “Plan municipal de igualdade” 2311 2279906 (30.800 €)
- “Suministros CMIDM e departamento muller casa das mulleres” 2311 2219900 (2.700 €)

Gasto previsto: 33.500 €**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

Rede integrada por 3 vivendas de propiedade municipal que están recoñecidas pola Xunta de Galicia como centros de servizos sociais, e que teñen a finalidade de ceder temporalmente o uso da vivenda a mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadia é temporal e, durante ese período, ofrécese ás mulleres o apoio profesional que contribúa a que as mulleres beneficiarias consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia. Duración da estancia: 6 meses/1 ano.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e fillas e fillos delas dependentes.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Durante o ano 2024 (último exercicio pechado) acolléronse na rede de vivendas municipais 6 unidades familiares: (6 mulleres e 9 menores).

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

5. Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia. SADI**Partida de gasto:** “Sadi. Kanguros” 2311 2279902**Gasto previsto:** 187.227,13 €**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

Servizo de atención e coidado persoal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, titora ou persoas responsables. O servizo faise con carácter xeral na casa da beneficiaria, dende a hora solicitada ata que a usuaria regrese, hora que estará previamente estipulada. A duración máxima da atención é de 4 horas, de luns a venres entre as 6:00 e as 22:00h.

Obxectivos: harmonización da vida laboral profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia, favorecer a incorporación da muller ao emprego; fomentar a





formación académica e ocupacional das mulleres; potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades do asociacionismo; acadar tempo propio e persoal, específico para cada muller.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida dirixida a mulleres, orientada a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.
- Programa que fomenta a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

- Prestouse o servizo a 54 mulleres e a un total de 68 menores: 31 nenas e 37 nenos.
- Prestáronse un total de 2.213 servizos.
- O número de horas prestadas foi de 7.061.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

6. Casa das Mulleres

Partidas de gasto:

- "Dinamización Casa das Mulleres" 2311 2279910 (35.507,76 €)
- "Plan Municipal de Igualdade" 2311 2279906 (792,24 €)

Gasto previsto: 36.300 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Servizo que, desde o ano 2003, está destinado ao uso de todas as asociacións de mulleres de Vigo. Trátase dun espazo que da cabida aos proxectos do asociacionismo feminino local, é a sede e lugar de encontro de diversas asociacións de mulleres, onde se levan a cabo xuntanzas, intercambios, exposicións, relatorios, etc. funcionando como espazo de encontro e debate en torno ao xénero e a igualdade. Tamén ofrece acceso gratuito a internet e prensa. Ademais, o Servizo de Igualdade desenvolve na Casa das Mulleres unha serie de actividades e obradoiros formativos dirixidos a mulleres, así como cursos en torno ao xénero e igualdade de oportunidades dirixidos a toda a poboación.

Obxectivos:

- Dinamización dos colectivos e asociacións de mulleres usuarias do servizo.
- Fomento da participación social das mulleres usuarias do servizo.

Clasificación do impacto

Impacto de xénero positivo directo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 18 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:**

- Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.
- Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

A participación durante o ano 2024 (último exercicio pechado) foi a seguinte:

- 595 atencións persoais a mulleres
- 2.052 persoas que participaron nalgunha das actividades do centro (actividades formativas, reunións ou visitas ás exposicións), das cales 2.015 (98%) foron mulleres e 37 (2%) homes.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

7. Centro de Documentación e Recursos Feministas**Partidas de gasto:**

- "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 (31.978,75 €)
- "Adquisición libros e revistas" 2311 2200100 (1.500 €)

Gasto previsto: 33.478,75 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas. Ofrece atención directa, consulta de documentación en sala, préstamo a domicilio, asesoramento documental. Tamén ofrece programación para dinamizar o espazo: videoforum, presentación de libros, faladoiros, esas redondas, cafés literarios, etc. O fondo documental está composto por máis de 11.100 referencias, máis de 140 títulos de publicacións periódicas, material audiovisual, folletos, carteis, etc. Periodicamente, realízanse adquisicións para a actualización e incremento do fondo bibliográfico e documental do centro.

Obxectivos:

- Visibilizar as achegas das mulleres á sociedade.
- Ser un lugar de encontro e de intercambio de información e experiencias.
- Conservar, difundir e potenciar un fondo bibliográfico especializado no eido da igualdade e pensamento feminista.
- Visibilizar e potenciar a creación literaria de mulleres.
- Reunir e conservar documentación e materiais elaborados pola administración pública municipal no eido da Igualdade así como polo Movemento Feminista .





- Dinamizar e fomentar a cultura da Igualdade entre a cidadanía.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.
- Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

A participación no ano 2024 (último exercicio pechado) foi a seguinte:

- 1.019 visitas recibidas (966 mulleres 94,8% e 53 homes 5,2%).
- En formato virtual, realizáronse 6 charlas coeducativas e 1 encontro con escritoras nos centros educativos, nos que participaron 187 alumnas e alumnos e 10 profesoras e profesores de 6 centros educativos.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

8. Actividades formativas para mellorar a empregabilidade de mulleres en situación de risco e vulnerabilidade

Partida de gasto: "Outros programas de igualdade" 2311 2279903

Gasto previsto: 2.135,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Módulos formativos dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade social. Integra contidos específicos para o emprego na área de atención sociosanitaria, así como contidos transversais sobre violencia de xénero.

Obxectivos: mellorar a formación para a súa inserción laboral, así como sensibilizar e formar en prevención da violencia de xénero.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Medida dirixida a mulleres, orientada a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2024 foron beneficiarias desta formación 15 mulleres.





Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

9. Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a igualdade de oportunidades, a perspectiva de xénero e a prevención e o tratamento da violencia de xénero

Partida de gasto: “edición publicacións” 2311 2260201

Gasto previsto: 4.200 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

- Elaboración de guías de información sobre recursos e medidas de prevención da violencia de xénero en varios idiomas.
- Guías de prevención da violencia dirixidas á mocidade. “Guía conectamos ben?”
- Elaboración e difusión de dípticos de información para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio.

Obxectivos: modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero, así como a prevención e a sensibilización en contra da violencia de xénero.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo

Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

Trátase de campañas de difusión dirixidas a toda a poboación da cidade.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

10. Campañas de sensibilización e concienciación social a prol da igualdade de oportunidades, a prevención e ao rexeitamento da violencia de xénero

Partidas de gasto:

- “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 (5.373,60 €)
- “Outros programas de igualdade” 2311 2279903 (25.008,05 €)
- “Campañas contra a violencia de xénero” 2311 2260200 (3.000,00 €)
- “Conmemoración 8 de marzo” 2311 2260601 (14.740,00 €)
- “Charlas e conferencias” 2311 2260602 (2.700,00€)





Gasto previsto: 50.821,65 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

- Actividades e actos durante os meses de marzo e de novembro, para reivindicar os dereitos das mulleres e concienciar á sociedade fronte a violencia de xénero, con motivo da conmemoración do 8 de marzo e do 25 de novembro (en colaboración co Consello Municipal da Muller):

- Conmemoración do 8 de marzo, *Día Internacional da Muller*. Desenvólvense actividades tales como cinema, recital de poesía, actuacións musicais e teatrais, a concesión do premio de Igualdade “Ernestina Otero”...
- Conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*, a través da iniciativa EnlazaVigo contra a violencia de xénero. Esta iniciativa, que se realiza desde o ano 2011, recibiu no ano 2013 o Premio Nacional no II Concurso de Boas Prácticas Locais contra a violencia de xénero, convocado pola Delegación do Goberno para a violencia de xénero en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias. Ao longo dos meses de outubro, novembro e decembro, desenvólvense actividades tales como:
 - Proposta de actividades e de reflexión nas aulas dos centros de ensino secundario da cidade entorno á violencia de xénero, ofrecendo recursos didácticos ao profesorado.
 - Apoio para a dinamización dos centros de ensino, ofrecéndolles asesoramento e material para a creación dos seus propios recursos e realización de actividades de sensibilización e información dirixidos á prevención da violencia de xénero na mocidade: creación de puntos lila, elaboración de microvídeos por parte do alumnado para a concienciación e sensibilización, etc.
 - Oferta de obradoiros formativos dirixidos ao alumnado co obxecto de previr a violencia de xénero entre a mocidade.
 - Exposicións informativas itinerantes polos centros educativos que as soliciten: Exposición “A violencia sexual na xuventude: Infórmate!” e “A escala da violencia de xénero na mocidade”.
 - Acto central Enlaza Vigo contra a violencia de xénero, que concentra á cidadanía e o alumnado de secundaria como forma de visibilizar a repulsa da violencia de xénero, e na que o alumnado realiza diversas actividades de tipo lúdico e reivindicativo.

- Emisión regular de cuñas radiofónicas con información sobre os recursos de apoio municipais, e a concienciación á cidadanía para o rexeitamento e a denuncia de situacións de violencia de xénero que poidan ser coñecedoras.

- Actividades realizadas ao longo do ano dirixidas á poboación en xeral, e que teñen a finalidade de visibilizar, reivindicar, ou facer reflexionar acerca das desigualdades existentes e a necesidade de acadar unha igualdade de xénero. As actividades poden consistir en exposicións de pintura ou fotografía, concertos de música, obras de teatro, proxeccións de filmes, etc. Desde o Servizo de Igualdade, ademais, apóiase ao movemento feminista facilitándolle a megafonía necesaria para a organización de manifestacións e concentracións que reivindiquen os dereitos das mulleres, a igualdade de oportunidades e/ou a repulsa da violencia de xénero.



**Obxectivos:**

- Modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- Concienciar aos medios de comunicación e á sociedade en xeral, principalmente ás novas xeracións, sobre a violencia de xénero.
- Informar, formar e reflexionar acerca da problemática da violencia de xénero: causas, consecuencias, manifestacións, actuacións, recursos e programas de atención e tratamento integral e formas de intervención de cara a súa erradicación.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (estimación):

- Desde o ano 2022, realizáronse as campañas institucionais nos medios polo *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*, así como a campaña institucional polo *Día Internacional da Muller*, que consisten na emisión de cuñas radiofónicas, anuncios na televisión local, elaboración de carteis e mupis que se distribuíron pola cidade, inserción de publicidade nos principais diarios de prensa escrita e online, así como en páxinas web con información municipal de interese. Estímase que as campañas realizadas durante o ano 2024 alcanzaron a practicamente toda a poboación do municipio. Estas campañas tiveron un custe total de 127.200,00 € no exercicio 2024, con cargo a programas orzamentarios dependentes da Unidade Administrativa da Alcaldía. Por este motivo, non se inclúe esta cantidade na análise que se está a realizar dos orzamentos deste Servizo de Igualdade.

- “8 de marzo, *Día Internacional da Muller*”: o número de participantes nas actividades cada ano é aproximadamente de 1500 persoas, se ben a difusión e concienciación acada a maioría da cidade. Nestes actos colabora activamente o Consello da Muller e outras entidades: colectivos veciñais, comerciantes, xuvenís, educativos...

- “25 de novembro, *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*”: desenvólvese cada ano no marco do programa “Enlaza Vigo contra a violencia de xénero”, a través da realización de distintas iniciativas dirixidas ao alumnado dos centros de ensino secundario. Cada ano participan ao redor de 40 centros e aproximadamente 2.000 mozas e mozos, que se implican a través da realización de todas ou algunha das súas actividades.

- Actividades realizadas ao longo do ano: a estimación das persoas destinatarias dependerá da capacidade de cada lugar onde teñan lugar, do tipo de actividade, etc. se ben polo xeral están pensadas para chegar a un gran número de persoas.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



**11. Actividades formativas en igualdade de xénero:****Partida de gasto:**

- "Plan Municipal de Igualdade" 2311 2279906 (11.935,00 €)
- "Outros programas de igualdade" 2311 2279903 (6.497,45 €)

Gasto previsto: 18.432,45 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

- Xornadas municipais contra a violencia de xénero e/ou dirixidas á comunidade educativa: xornadas cunha duración aproximadamente de 2 días, onde participan profesionais e persoas expertas nas materias de igualdade, feminismo, e/ou na prevención e atención da violencia de xénero.
- Formación en teoría crítica feminista. Dirixida a achegar á cidadanía coñecementos sobre as principais correntes do pensamento feminista e potenciar a reflexión crítica sobre os actuais debates existentes no seo do feminismo.
- Cursos de formación en igualdade dirixidos a profesionais do ámbito da intervención social e educativa, así como a monitorado de animación sociocultural e tempo libre. Estes cursos enmárcanse na programación anual da Casa das Mulleres, polo que o seu custe está incluído na partida orzamentaria xa analizada "Casa das Mulleres" (apdo B.4).

Obxectivos: sensibilizar e formar en materia de igualdade de xénero a profesionais para a súa incorporación nos eidos social e da educación formal e non formal; dotar o monitorado das actividades de tempo libre de ferramentas para aplicar unha intervención coeducativa; sensibilizar e formar o monitorado e profesionais do eido social e educativo en relación á violencia machista e ao acoso sexual e por razón de xénero para que poidan actuar ante o sexismo e as agresións sexistas; sensibilizar, formar e favorecer a reflexión na poboación en xeral acerca das desigualdades de xénero existentes e a violencia machista, as súas causas, manifestacións, recursos existentes, etc., así como acerca dos debates existentes no seo do feminismo.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

- Xornadas: no ano 2024 realizáronse 3 xornadas formativas de 2 días de duración cada unha, no marco dos actos programados polo 8 de marzo e polo 25 de novembro. En total inscribíronse 450 persoas (98% mulleres).
- Curso de teoría crítica feminista: no ano 2023 participaron 20 mulleres.
- Cursos de formación en igualdade dirixidos a profesionais do ámbito da intervención social e educativa, así como a monitorado de animación sociocultural e tempo libre: cada ano adoitan participar ao redor de 40 persoas nestes cursos, maioritariamente mulleres.





Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

12. Campamentos urbanos con perspectiva de xénero para menores de 12 anos

Partida de gasto: "Plan municipal de igualdade" 2311 2279906

Gasto previsto: 13.703,76 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Organización de obradoiros dirixidos a menores de entre 3 e 12 anos no período de vacacións escolares. Cunha metodoloxía lúdica e participativa, ofrecen xogos e dinámicas que fomentan a igualdade entre nenas e nenos.

Obxectivos:

- Promover nos nenos e nenas participantes actitudes igualitarias mediante o xogo.
- Permitir a conciliación familiar en períodos de vacacións escolares.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo

- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.
- Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

No ano 2024 leváronse a cabo obradoiros de Nadal en 3 espazos da cidade durante 6 días de duración en cada un. Participaron 171 menores de 3 a 12 anos de idade: 88 nenas e 83 nenos.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

13. Programas dirixidos á comunidade escolar:

Partida de gasto: "Plan municipal de igualdade" 2311 2279906

Gasto previsto: 63.610,10 €

"Camiña con nós pola igualdade"

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Ofrece unha programación permanente nos centros educativos da cidade, desenvolvendo obradoiros temáticos dende a perspectiva de xénero, empregando unha metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade, co obxecto de por en acción unha estratexia a medio e longo prazo dirixida a reflexionar e promover a igualdade entre sexos partindo dende a etapa





evolutiva na que se conforman as identidades de xénero. Ofértase o programa ao alumnado de 6º de Educación Infantil, e 2º, 4º e 6º de Educación Primaria.

Obxectivos: fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Durante os 16 anos de desenvolvemento do programa todos os centros públicos da cidade participaron nalgún momento nel. Os datos de participación do curso 2024-2025 foron os seguintes: 42 centros escolares participaron e 3.801 nenas e nenos (48 % nenas e 52% nenos).

“Día da muller e nena na ciencia”

Cada mes de febreiro, con motivo da conmemoración do Día da muller e a nena na ciencia ofértase un conxunto de actividades dirixidas ao alumnado do terceiro ciclo de primaria, secundaria, bacharelato e módulos formativos de FP. As actividades consisten en obradoiros prácticos presenciais, charlas, recursos didácticos e actividades en liña relacionadas coa actividade investigadora e dando a coñecer o traballo de científicas relevantes.

Obxectivos: achegar as nenas ao eido científico e visibilizar a todo o alumnado as contribucións das mulleres científicas; pór en valor o galego como lingua científica; ofrecerlle ao profesorado recursos didácticos sobre esta materia.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No mes de febreiro do ano 2025 participaron 190 alumnas e alumnos de 6 centros de ensino de primaria e secundaria, (50 % nenas).

“Encontros con escritoras” e “Charlas sobre igualdade entre mulleres e homes”

Actividade enmarcada na programación ofrecida desde o Centro de Documentación e Recursos Feministas (apdo. B.5), polo que o seu custe vai incluído na partida de gasto do centro.

O proxecto consiste en organizar encontros virtuais (a través dunha plataforma online) de escritoras co alumnado 4º da ESO e bacharelato dos centros de ensino da cidade que o soliciten. O encontro realízase de forma virtual a través dunha plataforma online, no que as autoras falan da súa obra e do seu proceso de creación, enfocando o tema desde unha perspectiva feminista.

Obxectivo: favorecer o coñecemento de distintas escritoras galegas e promover entre o alumnado a análise da literatura desde una perspectiva de xénero, así como visibilizar o CDRF establecendo unha canle de participación cos centros de ensino de Vigo.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Durante o ano 2024 realizáronse 6 charlas sobre igualdade e 1 encontro con escritoras nos que participaron 187 alumnas e alumnos e 10 profesoras e profesores.

Obradoiros de prevención da violencia de xénero entre a mocidade

Obradoiros dirixidos ao alumnado da ESO, bacharelato e módulos formativos, impartidos por axentes de igualdade nos centros de ensino, principalmente en dous formatos:





- Sesións formativas cunha duración de 1 hora tanto en formato virtual como presencial. Programa EnlazaVigo no que participaron 1.568 estudantes (47% alumnas e 53% alumnos) de 29 centros de ensino secundario e FP.

- Obradoiros “Cinema e Liberdade”, cunha duración de entre 2 e 3 horas, nos que se introducen os temas tras o visionado dun filme. Participaron 1.165 estudantes (49,9% alumnas e 50,1% alumnos) de 15 centros de ensino secundario e FP.

Finalidade: formar en valores e actitudes de igualdade que lles ensinen a convivir desde o respecto; reflexionar sobre a socialización de xénero; facilitar ferramentas para a identificación dos distintos tipos de violencia de xénero; favorecer a prevención das violencias machistas; deconstruír os mitos e estereotipos que as rodean; favorecer unha linguaxe e comunicación inclusiva e non sexista; procura colectiva de accións e estratexias para previr e facer fronte á violencia de xénero

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Durante o ano 2024 participaron en total 2.733 estudantes (48,3% alumnas e 51,7% alumnos de 44 centros de ensino da cidade.

Programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade. “A violencia sexual na xuventude. Infórmate!”

Exposición itinerante dirixida a sensibilizar na prevención da violencia sexual entre mozos e mozas. A Concellería de Igualdade cede esta exposición por un período de 20 días aos centros de ensino secundario da cidade e distribúe folletos coa explicación dos contidos da exposición.

Obxectivos: ofrecer información á mocidade que permita identificar e recoñecer situacións de violencia e control, reflexionar acerca das formas de relacionarnos e promover a solidariedade coas persoas que estean sufrindo estas situacións así como ofrecer información acerca de recursos de axuda e atención.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Cada ano a exposición é vista por aproximadamente 6.000 mozas e mozos de ensino secundario. Ademais, cada ano elaboráronse folletos con toda a información da exposición, que se reparten nos centros de educación secundaria da cidade. Durante o ano 2024 a exposición percorreu 19 centros.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada aos distintos programas integra unha linguaxe e imaxe inclusivas e non sexistas.





14. Punto Lila. Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio

Partida de gasto: “Plan municipal de igualdade” 2311 2279906

Gasto previsto: 32.358,15 €

Descrición da acción e finalidade que persegue: establecemento dun punto de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio, a cargo de profesionais axentes de igualdade, que se sitúa nas zonas de maior afluencia de público durante a celebración de diversas festas na cidade: Nadal, actuacións musicais enmarcadas na campaña de verán *Vigo en festas*, etc.

A súa finalidade é prestar información ao público, entregar material informativo e de concienciación, prestar atención inmediata en casos de urxencia e derivar aos servizos especializados en caso necesario.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.
- Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo:

O Punto Lila prestou atención e labores de sensibilización e información a un total de 20.936 persoas durante o ano 2024 (67% mulleres e 33% homes).

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

15. Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo:

Programa de actuación interdepartamental entre o Servizo de Igualdade e a área de Recursos Humanos e Formación para a implementación do Plan de Igualdade.

Partida de gasto: “Estudos e traballos técnicos” 2311 2270601

Gasto previsto: 1.080,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Trátase de implantar no Concello de Vigo un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, tendentes a alcanzar na organización municipal a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo. O Plan foi aprobado pola Mesa Sectorial de Negociación o 27/07/2021, e na Xunta de Goberno Local en data 12/08/2021. Posteriormente foi aprobado polo Pleno da Corporación





Municipal, por unanimidade, na sesión do 15 de setembro de 2021, e publicado no BOP de Pontevedra o 30/09/2021.

O documento recolle os antecedentes, a metodoloxía do proceso e as conclusións máis relevantes do informe diagnóstico. O documento establece tamén as medidas de actuación con indicación do cronograma, indicadores e servizos responsables da súa execución.

Cunha vixencia de 4 anos, o plan ten como obxectivo principal "A integración transversal do principio de igualdade nas actuacións do Concello de Vigo e eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade efectiva de mulleres e homes".

As 140 medidas en total que recolle o Plan estrutúranse en doce eixos de actuación:

1. Proceso de selección e contratación
2. Desenvolvemento da carreira profesional
3. Clasificación profesional
4. Infrarrepresentación feminina
5. Formación
6. Retribucións
7. Conciliación e Corresponsabilidade
8. Prevención do acoso sexual e por razón de sexo
9. Violencia de xénero
10. Condicións de traballo e saúde laboral
11. Comunicación, cultura e responsabilidade corporativa
12. Transversalidade, estudos, informes e medios

En data 25 de febreiro de 2022, as partes asinantes do plan constituíronse en Comisión de Seguimento e Avaliación do I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Trátase de accións destinadas a xerar cambios na xestión pública municipal que dean o soporte necesario ás políticas de igualdade.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

As beneficiarias serán a totalidade do persoal municipal. Segundo datos do ano 2024, o cadro de persoal municipal componse de 1.475 persoas traballadoras, o 66% homes e o 34% mulleres.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao plan integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



**16. Reparacións e mantemento dos servizos adscritos****Partidas de gasto:**

- "Reparacións e mantemento edificios adscritos a muller" 2311 2120000 (3.000,00 €)
- "Mantemento e reparación calefacción casa acollida" 2311 2130000 (540 €)
- "Reparacións eléctricas" 2311 2130001 (540 €)
- "Reparación maquinaria instalacións e utillaxe" 2311 2130003 (1.700 €)
- "Mantemento reparacións CIM e oficina da Muller" 2311 2190000 (3.100 €)
- "Mantemento extintores" 2311 2190001 (490 €)
- "Mantemento de alarmas" 2311 2279904 (540 €)
- "Transporte e mensaxería" 2311 2230000 (2.700 €)
- "Seguros" 2311 2240000 (270 €)

Gasto previsto: 12.880 €

Descrición da acción e finalidade que persegue: O gasto do capítulo 21 do orzamento da área de Igualdade destínase a realizar as reparacións e as tarefas de mantemento necesarias nos servizos exteriores adscritos á área de Igualdade.

Clasificación do impacto:

Indirecto positivo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Estes gastos non repercuten directamente nos obxectivos da igualdade de xénero nin están dirixidos directamente ás mulleres da cidade. Non obstante, estes gastos están dirixidos a mellorar e manter as infraestruturas necesarias que garantan o benestar e a seguridade do persoal e das persoas usuarias dos servizos e programas de impacto directo.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado): a totalidade das persoas beneficiarias dos distintos recursos e dispositivos dependentes do Servizo de Igualdade.

17. Gastos de locomoción e outros gastos do persoal adscrito**Partidas de gasto:**

- "Dietas cargos electos" 2311 2300000 (900,00 €)
- "Dietas persoal non directivo" 2311 2302000 (582 €)
- "Locomoción cargos electos" 2311 2310000 (500 €)
- "Locomoción do persoal non directivo" 2311 2312000 (500 €)

Gasto previsto: 2.482,00 €



Descrición da acción e finalidade que segue: estas partidas destínanse a sufragar gastos que ten o persoal para poder desprazarse no exercicio do seu traballo, ou para acudir a cursos e actividades de formación, permitindo mellorar a calidade da atención que se ofrece ás usuarias dos servizos adscritos a este Servizo, e o adecuado desenvolvemento dos programas.

Clasificación do impacto:

Indirecto positivo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Estes gastos non repercuten directamente nos obxectivos da igualdade de xénero nin están dirixidos directamente ás mulleres da cidade. Non obstante, estes gastos están dirixidos a mellorar e manter os servizos e programas de impacto directo.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado): a totalidade das persoas beneficiarias dos distintos recursos e dispositivos dependentes da Concellería de Igualdade.

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Partidas: 4539000; 4800000; 4890000; 4890004; 4890006; 4890007

Crédito previsto no proxecto do orzamento: 502.800,00 €

Incorpora os programas orzamentarios seguintes:

- CEMVI. Centro de emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero.
- Promoción da igualdade e do deporte feminino.
 - Subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a promoción das mulleres.
 - Subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino.
- Convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres contra os Malos tratos.
- Axudas económicas directas a mulleres en situación de violencia de xénero.
- Convenio de colaboración coa Fundación Santa Cruz para o acollemento transitorio de vítimas de violencia de xénero.
- Convenio de colaboración coa entidade FUNDAMAR para o desenvolvemento do proxecto "Sereas".

18. CEMVI. Centro de emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero

Partida de gasto:

"Convenio Consorcio Galego Igualdade e Benestar, Centro de Emerxencia" 2311 4539000

Gasto previsto: 241.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 31 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

En data 26.09.2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aproba a proposta dun novo “Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero para o período 2019-2023”, mediante o cal o Concello comprométese a facer unha achega económica anual de 241.000,00€ e a cesión do inmovible. O Convenio ten unha duración de catro anos de duración, se ben poderá prorrogarse por catro anos máis. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 24 de xullo de 2025, aprobou a terceira prórroga do dito convenio, para o período comprendido entre o 2 de outubro de 2025 e o 1 de outubro de 2026.

O CEMVI é un centro residencial de aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e ás seus fillos ou fillas ou persoas que delas dependan, que se atopen nunha situación de violencia de xénero. Garántelles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado. Duración estimada de estancia: 3 meses.

Obxectivos:

- Protexer ás mulleres e persoas que delas dependan, ofrecéndolles un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos.
- Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor.
- Ofrecer un espazo temporal e os apoios profesionais nas áreas persoal, familiar, psicolóxica, xurídica e social integral para favorecer a toma de decisións.
- Facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero.
- Favorecer a adquisición de independencia e autonomía persoal das mulleres, ofrecendo os recursos oportunos ó seu momento vital e contribuír á súa total recuperación.
- Facer unha efectiva coordinación de recursos e lograr unha detección de casos e unha intervención máis áxil e eficiente.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.
- Programas ou accións que incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

O centro dispón de 20 prazas. Durante o ano 2024 estiveron acollidas 100 persoas: 55 mulleres e 45 menores, 23 nenas e 22 nenos.





Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

19. Promoción da igualdade e do deporte feminino

Partida de gasto: “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000

Gasto previsto: 136.500,00 €

Descrición e finalidade que persegue: subvencións dirixidas a fomentar a participación feminina, con dúas liñas:

19.1. Subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a promoción das mulleres

Crédito asignado: 91.500 €

Concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, veciñais, sindicais, etc) constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres.

Obxectivos: apoiar o asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación social. En concreto:

- Fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero, atención á diversidade e promoción da saúde e benestar das mulleres.
- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.
- Favorecer a formación das mulleres, e a visibilización das vogalías de mulleres das asociacións veciñais.
- Incrementar a calidade de vida das mulleres a través da oferta dun tempo e espazo propio.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

Na última convocatoria, que corresponde ao exercicio 2025, foron beneficiarias 42 entidades.

19.2. Subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino

Crédito asignado: 45.000 €

Subvencións as actuacións das federacións e clubs deportivos do municipio de Vigo, co fin de promocionar, facilitar e incrementar a participación feminina en todos os ámbitos do deporte, de





maneira complementaria á que ata agora se viñese desenvolvendo nos programas deportivos xerais

Obxectivos: Promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. En concreto:

- Promover o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.
- Apoiar economicamente aos clubs e ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas.
- Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
- Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Na última convocatoria, que corresponde ao exercicio 2025, foron beneficiarias 83 entidades, sumando un total de 5.324 licenzas femininas.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Trátase de medidas focalizadas en mulleres dirixidas a reducir as brechas de xénero e fomentar a súa participación, visibilización e empoderamento.
- Accións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada a estas dúas liñas de subvención específica integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista. Ademais, o emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista polas entidades subvencionadas é unha obriga esixida nas bases da convocatoria de subvencións.

20. Convenio de colaboración coa Asociación Rede de mulleres contra os malos tratos

Partida de gasto: “Convenio actividades funcionamento asociación Rede mulleres contra malos tratos” 2311 4890004

Gasto previsto: 80.300,00 €



**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

O obxecto deste convenio é apoiar á asociación nos labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e na formación continua das mediadoras da Rede que realizan os ditos acompañamentos. Asemade, tamén se inclúen os proxectos que a entidade realiza nas seguintes liñas de traballo con mulleres vítimas de violencia de xénero: apoio e acompañamento a mulleres en procesos de violencia; reincorporación psicosocial; formación; concienciación; prevención e denuncia social.

Obxectivos:

- Mellorar a atención integral das mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.
- Establecer redes de colaboración con asociacións de mulleres que traballan a prol da igualdade, e especialmente na loita contra a violencia de xénero.
- Formar, informar e previr á cidadanía sobre a violencia de xénero.
- Visibilizar e concienciar socialmente sobre a situación na que se atopan as mulleres (e persoas delas dependentes) vítimas de violencia de xénero.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas delas dependentes.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Durante o período 1.11.2023 a 30.10.2024, foron atendidas pola Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos 312 mulleres, realizaron 2.867 intervencións e 33 acompañamentos. Estímase que a cifra sexa similar no futuro exercicio.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

21. Axudas económicas directas a mulleres en situación de violencia de xénero

Partida de gasto: "Bolsas económicas" 2311 4800000

Gasto previsto: 20.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Axudas directas de carácter non periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Obxectivos: apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. En concreto:

- Mellorar a situación socioeconómica das mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas que están ao seu cargo.





- Mellorar a atención integral que a administración municipal presta ás mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.
- Visibilizar e concienciar socialmente sobre a situación na que se atopan as mulleres (e persoas delas dependentes) vítimas de violencia de xénero.

Conceptos da axuda: alugueiro, manutención, traslado de seguridade....

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

54 mulleres en situación de violencia de xénero foron beneficiarias destas axudas no ano 2024 (último exercicio pechado).

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusivas e non sexistas.

22. Convenio de colaboración coa Fundación Santa Cruz para o acollemento transitorio de vítimas de violencia de xénero.

Partida de gasto: "Fund. Santa Cruz Acollemento Transitorio Vítimas V Xénero" 2311 4890006

Gasto previsto: 15.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Este programa ten por obxecto cubrir a necesidade dun aloxamento de urxencia, con carácter temporal e de maneira transitoria, das mulleres vítimas de violencia de xénero nun dispositivo de acollemento, no que se garantirá unha reserva de prazas ás que derivarán as profesionais do servizo municipal de atención ás mulleres e as Forzas e os Corpos de Seguridade.

Obxectivos: garantir a atención integral das mulleres en situación de violencia de xénero e proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante dunha situación de crise e emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Este programa implementarase por primeira vez no ano 2026. Prevese que poidan beneficiarse deste recurso entre 10/15 mulleres.





Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao programa integrará unha linguaxe e imaxe inclusivas e non sexistas.

23. Convenio de colaboración coa Fundación para la pesca y el marisqueo (FUNDAMAR) para o programa “SEREAS”.

Partida de gasto: “Fundamar. Proxecto Sereas” 2311 4890007

Gasto previsto: 10.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Este programa ten por obxecto visibilizar a contribución das mulleres de Vigo, e da súa contorna, no sector do mar e da súa industria, empoderar ás novas xeracións de mulleres que participan neste sector, promover a igualdade de xénero neste sector laboral e reforzar a sensibilización social sobre a importancia da participación e achegas das mulleres nos sectores estratéxicos da cidade.

Obxectivos:

- . Dar a coñecer referentes femininos en diferentes ámbitos do sector mar-industria da contorna.
- . Proporcionar ferramentas que contribúan á transferencia da investigación á sociedade con perspectiva de xénero.
- . Identificar e visibilizar figuras femininas que desenvolveron papeis fundamentais neste sector.
- . Ensalzar a participación socioeconómica das mulleres no sector.
- . Recoñecer o papel da muller como icona obreira da Revolución Industrial en Galicia.
- . Poñer en valor os roles desenvolvidos podas mulleres nos oficios do mar.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida focalizada en mulleres dirixidas a reducir as brechas de xénero e visibilizar e fomentar a súa participación, visibilización e empoderamento.
- Accións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Este programa implementárase por primeira vez no ano 2026.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao programa integrará unha linguaxe e imaxe inclusivas e non sexistas.

CAPÍTULO 6. INVERSIÓNS REAIS

Partidas de gasto : 6250000;6320001

Crédito previsto no proxecto do orzamento: 70.000,00 €

Incorpora os programas orzamentarios seguintes:





- Mobiliario
- Investimento reparación cuberta CEMVI e outras melloras

24. Mobiliario

Partida de gasto: "Mobiliario" 2311 6250000

Gasto previsto: 5.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Adquisición de mobiliario para a reposición e nova incorporación de elementos nos pisos que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.

Obxectivo: Mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres en situación de violencia de xénero.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Medida dirixida especificamente a mellorar o benestar e confort das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Tomando como referencia o número de persoas acollidas na rede municipal de vivendas de protección durante o ano 2024, beneficiaranse desta medida 15 persoas cada ano.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusivas e non sexistas.

25. Investimento reparación cuberta CEMVI e outras melloras

Partida de gasto: "Investimento reparación cuberta CEMVI e outras melloras" 2311 6320001

Gasto previsto: 65.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Realizar obras de mellora no edificio de propiedade municipal destinado ao Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero CEMVI.

Obxectivo: estas melloras repercutirán no aumento do confort e benestar das usuarias (e menores que as acompañan) do dispositivo de acollemento así como nunha mellor calidade do servizo.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo directo.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:



SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO DE
VIGO



Medida dirixida especificamente a mellorar o benestar e confort das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Tomando como referencia o número de persoas acollidas no CEMVI durante o no ano 2024, beneficiaranse desta medida 100 persoas cada ano.

Emprego dunha linguaxe non sexista: toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusivas e non sexistas.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:53 Páxina 39 de 107
CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL****Programa orzamentario:** 2310 Acción social**Orzamento previsto para o exercicio 2026:** 25.787.452,19 €, desglosado do seguinte xeito:

- Cap.1 Gastos de Persoal: 3.798.008,36 €
- Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos: 17.158.822,83 €
- Cap. 4 Transferencias correntes: 4.718.621,00 €
- Cap. 6 Inversións reais: 62.000,00 €
- Cap. 7 Transferencias de capital: 50.000,00 €

Accións/programas/servizos:

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas polo Servizo de Benestar Social que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. A análise do impacto de xénero realizarase tendo en conta os datos achegados por ese Servizo. Detállase a información para as seguintes accións, que se amosan no seguinte esquema agrupadas por partidas orzamentarias:

Cap.1 Gastos de Persoal:

- 1 Servizos Sociais Comunitarios Básicos

Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos:

- 2. Programa socio-educativo e de apoio familiar
- 3. Centro integral de inclusión e emerxencia social
- 4. Servizo de Axuda no Fogar
- 5. Servizo de teleasistencia
- 6. Coidadoras/es de barrio
- 7. Avellentamento activo

Cap. 4 Transferencias correntes:

- 8. Xantar na casa
- 9. Axudas a familias

CAPÍTULO 1. GASTOS DE PERSOAL**Partidas orzamentarias:**

1200000, 1200100, 1200300, 1200400, 1200500, 1200600, 1210000, 1210001, 1210003, 1210004, 1210005, 1210100, 1210101, 1210103, 1210104, 1210105, 1300000, 1600000, 1620000

Crédito previsto: 3.798.008,36 €

**Persoal:**

En total, sen ter en conta os períodos de contratación, no 2024, a Área contou con 68 persoas traballadoras.

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Este orzamento destínase a sufragar o persoal do Servizo de Benestar Social. Principalmente, a través do seguinte servizo:

1. Servizos Sociais Comunitarios Básicos

Os SSCB ofrecen un servizo de información público, para toda a poboación, desde onde se facilita, de forma profesional e confidencial, información sobre os servizos sociais, recursos e prestacións a disposición da cidadanía, así como dos dereitos que teñen tanto a nivel individual como grupal.

Trátase dunha intervención social personalizada nun entorno normalizado que supón a atención das situacións individuais e familiares, a información en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente xestión do caso, que incluírá, cando sexa conveniente, a derivación cara ao recurso idóneo, así como a asistencia, a orientación e, de ser preciso, o acompañamento, no procedemento de acceso normalizado a outros recursos existentes que poidan complementar a actuación.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

Desde os Servizos Sociais Comunitarios desenvólvese os seguintes tipos de programas:

- Programas que integran colectivos vulnerables.
- Programas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) e unha distribución máis equitativa destes.
- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

Malia que o obxectivo da igualdade non é o seu obxectivo principal, integran medidas que repercuten de forma positiva na consecución da igualdade, desenvolvendo programas ou medidas que promoven o acceso das mulleres aos recursos, ao ser as mulleres as principais beneficiarias destes programas. Isto débese a que, tradicionalmente, son as mulleres as que asumen o rol de coidados na familia, e polo tanto acoden en maior medida aos servizos de axuda. Ademais, tamén a grande maioría do persoal asignado aos SSCB son mulleres, feito que responde a unha división sexual do traballo que se reflicta tamén no mercado laboral.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Das 68 persoas traballadoras neste servizo durante o ano 2024, 61 foron mulleres (o 89,70% da plantilla).

Atendéronse 4.575 persoas das que o 58,25% foron mulleres.





Como resultado do traballo dos SSCB:

- Tramitáronse 747 solicitudes de RISGA das que o 62,78% (469) pertencían a mulleres.
- Tramitáronse 1.075 solicitudes de AIS das que o 64,09% (689) pertencían a mulleres.

Con estas solicitudes tramitadas alcanzáronse na cidade de Vigo:

- 1.512 beneficiarios/as de RISGA das que o 60,71% (918) son mulleres.
- 522 beneficiarios/as de AIS das que o 62,83% (328) foron mulleres.

O impacto de xénero é positivo indirecto xa que, de acordo co punto 3 do artigo 11 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, dentro da unidade de convivencia da persoa solicitante determinarase a persoa que debe ter a consideración de titular da prestación. En condicións equiparables, aplicarase o criterio de acceso preferente das mulleres á titularidade da renda de inclusión social de Galicia. Sen prexuízo da aplicación do devandito criterio, o traballo social e educativo, así como os obxectivos de inserción laboral que se establezan, poderán implicar ás demais persoas membros da unidade de convivencia.

CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES E DE BENS E SERVIZOS

Crédito previsto no proxecto do orzamento: 17.158.822,83 €

A continuación descríbense os programas máis destacados que xestiona o Servizo, incluídos neste capítulo de gasto, que irán desenvolvéndose seguindo o seguinte esquema:

- Programa socio-educativo e de apoio familiar
- Centro integral de inclusión e emerxencia social
- Servizo de Axuda no Fogar
- Servizo de teleasistencia
- Coidadoras/es de barrio
- Avellentamento activo

2. Programa socio-educativo e de apoio familiar

Partida de gasto: “Programa socio-educativo e de apoio familiar” 2310 2260907

Gasto previsto: 829.288,50 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Programa de Intervención Familiar concíbese como un servizo educativo e psicosocial de prevención e apoio personalizado dirixido ás familias (especialmente a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade) e a toda a comunidade. Ten como finalidade a promoción da autonomía familiar, o desenvolvemento integral das súas potencialidades e a súa participación activa como protagonistas do seu cambio a partir dun proceso construído conxuntamente coas familias, as e os profesionais e as e os axentes da comunidade.





O PIF atende as problemáticas apareladas a situacións de risco e de conflito social articulando unha intervención interdisciplinar que favoreza procesos normalizadores para os nenos e as nenas e a súas familias, levando a cabo ademais unha intervención preventiva que impida o posible agravamento do problema detectado.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas que integran colectivos vulnerables.
- Programas dirixidos a cubrir necesidades prácticas das mulleres.
- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

Malia que o acceso ao programa se produce sen distinguir entre mulleres e homes, e sen que a igualdade sexa, a priori, o seu obxectivo principal, o impacto de xénero que produce é positivo, pois, son as mulleres as principais beneficiarias destes programas. Isto débese a que, tradicionalmente, son as mulleres as que asumen o rol de coidados na familia e malia que os servizos vaian dirixidos a toda a familia, son as mulleres as beneficiarias desta medida.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2024, participaron 396 familias das que o 41,70% (165) foron familias monomarentais e o 3,5% (14) foron familias monoparentais.

3. Centro integral de inclusión e emerxencia social

Partida de gasto: “Prestación servizos Centro servizos sociais” 2310 2279913

Gasto previsto: 1.053.810,87 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo configúrase como un centro de atención integral para persoas sen fogar, en situación de exclusión social e/ou emerxencia social, que persigue realizar unha intervención social de calidade que permita ás persoas mellorar a súa calidade de vida, procurar contextos que faciliten a inserción socio-laboral e atender situacións puntuais de emerxencia social.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas que integran colectivos vulnerables.
- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos.

O servizo comprende prazas para homes e prazas para mulleres, aínda que o seu uso faise principalmente por homes. As mulleres sen fogar adoitan verse en situacións de maior





vulnerabilidade ao estar expostas a violencia de xénero, e adoitan estar acompañadas de persoas dependentes ou menores a cargo debido ao rol de coidadoras, polo que é frecuente que as mulleres sexan derivadas a outro tipo de recursos.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Fixeron uso do albergue un total de 440 persoas (78,90% homes e 21,10% mulleres).

Fixeron uso do comedor un total de 543 persoas (82% homes e 18% mulleres).

4. Servizo de Axuda no Fogar

Partida de gasto: "Prestación Servizo Axuda no Fogar SAF" 2310 2279901

Gasto previsto: 13.995.072,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios que presta un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas do seu contorno inmediato nin exime, en ningún caso, á familia das súas responsabilidades.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas dirixidos a cubrir necesidades prácticas das mulleres.
- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.
- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.

Malia que o acceso ao programa se produce sen distinguir entre mulleres e homes, e sen que a igualdade sexa, a priori, o seu obxectivo principal, o impacto de xénero que produce é positivo, pois, son as mulleres as principais beneficiarias destes programas.

En primeiro lugar, dada a maior esperanza de vida das mulleres e que son as mulleres a maior parte das persoas anciás que viven soas, son as mulleres as principais beneficiarias directas deste servizo.

En segundo lugar, tradicionalmente, son as mulleres as que asumen o rol de coidados na familia e, por tanto, o traballo de coidado de persoas dependentes. Este servizo cubre a necesidade práctica das mulleres de contar cun servizo de apoio nos coidados, beneficiándose tamén indirectamente do servizo.





E xa por último, as traballadoras tamén son na súa maioría mulleres. Malia que isto responda á tradicional segregación ocupacional no mercado laboral, e se trate de traballos relacionados co coidado, este servizo contribúe á inserción laboral das mulleres e diminución das brechas no acceso ao emprego.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2024, prestouse o servizo a 1.499 persoas das que o 77% son mulleres (1.154).

Para a prestación deste servizo a empresa adxudicataria ten contratados/as 554 traballadores/as das que o 91,60% (507) son mulleres.

5. Servizo de teleasistencia

Partida de gasto: “Teleasistencia” 2310 2279911

Gasto previsto: 192.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O servizo de teleasistencia domiciliaria é unha prestación social de natureza tecnolóxica que, a través dunha liña telefónica e cun equipo de comunicacións e informático específico, permite ás persoas usuarias poñerse en contacto cun centro de atención de chamadas que conta con persoal especializado para dar resposta ás súas necesidades de forma ininterrompida as 24 horas do día e os 365 días do ano.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas dirixidos a cubrir necesidades prácticas das mulleres.
- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.
- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos.

Malia que o acceso ao programa produce sen distinguir entre mulleres e homes, e sen que a igualdade sexa, a priori, o seu obxectivo principal, o impacto de xénero que produce é positivo, pois son as mulleres as principais beneficiarias destes programas. Dada a maior esperanza de vida das mulleres e que son as mulleres a maior parte das persoas anciás que viven soas, son as mulleres as principais beneficiarias directas deste servizo. Ademais, este servizo é un apoio para as persoas coidadoras (na súa maioría mulleres, dado o rol tradicional asignado).

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2024, prestouse o servizo a 864 persoas das que o 90% (777) foron mulleres.

6. Coidadoras e coidadores de barrio

Partida de gasto: “Programa de inserción laboral” 2310 2279902

Gasto previsto: 610.896,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:



Trátase dun servizo que, con carácter voluntario, presta o Concello de Vigo coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas en situación de vulnerabilidade por distintas razóns (enfermidade, mobilidade, saúde mental, etc.), en especial, das persoas maiores con dificultades para realizar de forma autónoma as súas actividades na rúa, facilitándolles a integración no súa contorna, evitando o risco de exclusión social e as indeseixadas situacións de reclusión na propia vivenda.

Ademais, o persoal adscrito ao programa está integrado por persoas con especiais dificultades de incorporación socio-laboral, cumprindo así o obxectivo de converter a persoas usuarias dos servizos sociais en traballadoras e traballadores con todos os seus dereitos.

Para cada traballadora ou traballador, deséñase un "Itinerario Personalizado de Inserción" (IPI) co fin de mellorar o seu perfil de empregabilidade durante o tempo de contrato, de cara á súa incorporación laboral no mercado laboral normalizado cando o contrato remate.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas que integran colectivos vulnerables.
- Programas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).
- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

Malia que o acceso ao programa se produce sen distinguir entre mulleres e homes, e sen que a igualdade sexa, a priori, o seu obxectivo principal, o impacto de xénero que produce é positivo, pois, son as mulleres as principais beneficiarias destes programas. Dada a maior esperanza de vida das mulleres e que son as mulleres a maior parte das persoas anciás que viven soas, son as mulleres as principais beneficiarias directas deste servizo. Ademais, as persoas beneficiarias dos procesos de inclusión sociolaboral tamén son mulleres na súa maioría, polo que o servizo contribúe á inserción laboral das mulleres e á diminución das brechas no acceso ao emprego.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2024 prestouse o servizo a 366 persoas das que o 84% foron mulleres. Para o desenvolvemento do servizo contratáronse 59 traballadores e traballadoras das que o 81,36% (48) foron mulleres.

7. Avellentamento activo

Partida de gasto: "Programa de avellentamento activo" 2310 2260902

Gasto previsto: 313.457,36 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O obxectivo é ofrecer ás persoas maiores actividades de lecer saudables, que favorezan a participación e potencien as súas capacidades e habilidades para un bo avellentamento e a prevención da dependencia.



**Clasificación do impacto:**

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Malia que o acceso ao programa se produce sen distinguir entre mulleres e homes, e sen que a igualdade sexa, a priori, o seu obxectivo principal, o impacto de xénero que produce é positivo, pois, son as mulleres as principais beneficiarias destes programas. Dada a maior esperanza de vida das mulleres e que son as mulleres a maior parte das persoas anciás que viven soas, son as mulleres as principais beneficiarias directas deste programa, que promove o acceso das mulleres a actividades de prevención da dependencia e de lecer, evitando o illamento.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2024 participaron no programa 789 persoas das que o 91% foron mulleres.

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Crédito previsto: 4.718.621,00 €

Incorpora os programas seguintes:

- Xantar na casa
- Axudas a familias

8. Xantar na casa

Partida de gasto: "Convenio xantar na casa" 2310 4539000

Gasto previsto: 161.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Xantar na casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.

Malia que o acceso ao programa se produce sen distinguir entre mulleres e homes, e sen que a igualdade sexa, a priori, o seu obxectivo principal, o impacto de xénero que produce é positivo, ao ser un apoio para as persoas coidadoras, na súa maioría mulleres, dado o rol tradicional asignado.



**Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):**

No ano 2024, prestouse o servizo a 265 persoas das que o 51,30% foron mulleres.

9. Axudas a familias

Partida de gasto: "Axudas a familias e fondo emerxencia desafiuzamentos" 2310 4800000

Gasto previsto: 1.300.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas que integran colectivos vulnerables.
- Programas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) e unha distribución máis equitativa destes.

Malia que o obxectivo da igualdade non é o seu obxectivo principal, a medida repercute de forma positiva na consecución da igualdade, promovendo o acceso das mulleres aos recursos, ao ser as mulleres as principais beneficiarias deste programa. Isto débese a que, tradicionalmente, son as mulleres as que asumen o rol de coidados na familia e, polo tanto, acoden en maior medida aos servizos de axuda. Malia que os servizos vaian dirixidos a toda a familia, son as mulleres as que os solicitan en maior medida.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2024, concedéronse axudas a mulleres por unha contía de 953.419,10 €, o que supón o 66% do total asignado (1.439.104,00 €).



**SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO****Programa orzamentario: 2410 “Fomento e promoción emprego”****Orzamento total previsto para o exercicio 2026: 5.263.586,00 €****Accións/programas/servizos:**

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. A análise do impacto de xénero realizarase tendo en conta os datos achegados por ese Servizo. Detállase a información para as seguintes accións, que se amosan no seguinte esquema agrupadas por partidas orzamentarias:

Cap.1 Gastos de Persoal:

1. Programa de inserción laboral Vigo Emprega.

Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos:

2. Servizo Vigo Emrende.

Cap. 4 Transferencias correntes:

3. Axudas municipais á contratación.

CAPÍTULO 1. GASTOS DE PERSOAL:**1. Programa de inserción laboral Vigo Emprega****Partidas orzamentarias:**

- “Programa de inserción laboral” 2410 1310000: 1.210.000,00 €
- “S.S. Programa Inserción laboral” 2410 1600001: 300.000,00 €

Gasto previsto: 1.510.000,00 €**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

Este programa é un instrumento elaborado para promover o emprego no municipio para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal, que implican a contratación temporal (9 meses) de persoas desempregadas con dificultades para atopar emprego, co obxecto de mellorar a súa formación e adquisición de maiores habilidades profesionais, mellorando así a súa capacitación e competencia profesional para contribuír dunha maneira eficaz a aumentar as súas posibilidades de inserción no mercado laboral.

O procedemento de selección das persoas beneficiarias candidatas ao posto de peón/peoa (construción/xardinería-forestal) persegue acadar unha distribución que permita cando menos a presenza, entre outros colectivos, do 30% de mulleres:





Baremaranse os colectivos para o posto de peón/peoa segundo o seguinte cadro:

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
Persoa con discapacidade	1
Muller	1
Vítima de violencia de xénero	1
Persoa trans	1
Xente moza menor ou igual a 30 anos	1
Persoas entre 31 e 45 anos DLD	0,5
Maior de 45 anos DLD	0,5

As persoas candidatas aplicaránelles as puntuacións da táboa anterior en función do colectivo polo que foron preseleccionados na oficina do SPEG de Vigo, e aplicaránelles, se é o caso, 0,20 puntos por cada requisito que cumpran dos segundos ou subseguintes colectivos.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- O programa incorpora medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero nunha profesión (peón-peoa de construción/peón-peoa de xardinería-forestal) con baixa representación do colectivo de mulleres.
- O programa incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (económicos a través das contratacións laborais) así coma do goce de dereitos e participación, xa que o programa imparte, entre outras, formación en materia de igualdade de oportunidades, de resolución de conflitos e toma de decisións, de orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais, así como de habilidades sociais.
- O Servizo dispón de datos desagregados por sexo e téñense en conta na planificación e na avaliación do programa.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

PERSOAS CONTRATADAS	N.º	N.º Homes	N.º Mulleres
Persoal capataz	3	2	1
Persoal administrativo e técnico	3	2	1
Oficiais de oficios	33	30	3
Peón/Peoa	36	22	14
TOTAL	75	56	19



**CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS:****2. Servizo Vigo Emprende**

Partida orzamentaria: “Asesoramento, Vigo Emprende” 2410 2270610

Gasto previsto: 150.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Prestación de servizos de información e asesoramento a persoas emprendedoras e pequenas e medianas empresas (PEMES) e a súa consolidación, por persoal especializado, co obxectivo de promover o emprego, tendo por obxecto, entre outras, as seguintes accións:

- Fomento do emprendemento das mulleres por medio de accións específicas que teñan en conta os intereses, dispoñibilidade e situación das usuarias do programa.
- Desenvolvemento dun Plan de formación específico para aumentar as habilidades profesionais e persoais das persoas emprendedoras.
- Fomento do uso e implantación das novas tecnoloxías da información e da comunicación no funcionamento regular dos proxectos de emprendemento e das PEMS.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- O programa incorpora medidas que inciden de forma transversal na transformación de roles e estereotipos de xénero.
- O programa incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.
- O Servizo dispón de datos desagregados por sexo e téñense en conta na planificación e na avaliación do programa.

O programa, malia non dirixirse especificamente a homes ou mulleres, nin ter como obxectivo principal a consecución da igualdade, ten un impacto positivo nesta ao ofrecer as mulleres participantes o apoio necesario para o emprendemento, ámbito onde as mulleres se atopan subrepresentadas.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

Datos de xullo de 2025: desde o inicio do novo contrato de servizo (outubro de 2023) rexistráronse un total de 1.517 servizos e foron atendidas 454 persoas: 195 homes e 259 mulleres. As mulleres seguen a ser o perfil emprendedor que máis solicita o asesoramento de servizo Vigo Emprende, representando o 57,05 % do total.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo o manifestado polo Servizo, emprégase unha linguaxe e unha imaxe inclusiva e igualitaria en todo o soporte material e audiovisual no desenvolvemento, organización, difusión e execución das súas actividades sen manifestar estereotipos de xénero.



**CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES:****3. Axudas municipais á contratación**

Partida orzamentaria: “Axudas á contratación” 2410 4700006

Gasto previsto: 235.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Programa de axudas que sirvan de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer a mellora das condicións e o emprego estable e de calidade, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos.
- B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida da persoas traballadoras desempregadas.
- C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral.

A) Programa Indefinidos: Non se fixan criterios de valoración, só contía das axudas en función do programa de axuda solicitada e as condicións da persoa obxecto do contrato.

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO ¹	CONTÍA
Persoa traballadora empadroada en Vigo ²	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ³	
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ⁴	300,00 €
• Persoa con discapacidade ⁵	300,00 €
• Persoa trans ⁶	300,00 €
• Muller	300,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁸	300,00 €
Importe Máximo Total	3.500,00 €

B) Programa Contratacións: Non se fixan criterios de valoración, só contía das axudas en función do programa de axuda solicitada e as condicións da persoa obxecto do contrato.

CONTRATO INDEFINIDO ¹	CONTÍA
Persoa traballadora empadroada en Vigo ²	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ³	





• Primeiro/a empregado/a da empresa	300 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ⁴	300 €
• Persoa con discapacidade ⁵	300 €
• Persoa trans ⁶	300 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁷	300 €
• Muller	300 €
• Vítima de violencia de xénero ⁸	300 €
• Participante de programa da Concellería	300 €
Importe Máximo Total	4.400,00 €

C) Programa Mellora: Non se fixan criterios de valoración, só contía das axudas en función do programa de axuda solicitada e as condicións da persoa obxecto do contrato.

PROGRAMA MELLORA	CONTÍA
Persoa traballadora empadroada en Vigo ²	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ³	
• Primeiro/a empregado/a da empresa	300 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ⁴	300 €
• Persoa con discapacidade ⁵	300 €
• Persoa trans ⁶	300 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁷	300 €
• Muller	300 €
• Vítima de violencia de xénero ⁸	300 €
Importe Máximo Total	4.100,00 €

(1) Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

(2) Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/01/2022

(3) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(4) A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

(5) Persoa con discapacidade sempre que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

(6) Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.





(7) Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

(8) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

As persoas emprendedoras autónomas e micropemes (*) corresponderalle en cada un dos programas A), B) e C) unha contía adicional de 500 € sobre o total da contía da axuda resultante que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas dúas modalidades desta axuda.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- O programa incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.
- O Servizo dispón de datos desagregados por sexo e téñense en conta na planificación e na avaliación do programa.

Estes incentivos teñen en conta, entre outros, a promoción do acceso e o mantemento no emprego das mulleres e, en especial, das vítimas de violencia de xénero, que se atopan en situación de maior vulnerabilidade. Isto favorece o acceso das mulleres aos recursos e a redución das brechas de desigualdade no ámbito do emprego.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Os datos facilitados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego son os seguintes:

PROGRAMA	INCREMENTO DA CONTÍA DA AXUDA POR COLECTIVO	
	MULLER	VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO
A) P. Indefinidos	25	0
B) P. Contratacións	1	0
C) P. Mellora	14	0
TOTAL	40	0

(*) Datos extraídos da subvención do exercicio 2024

O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, xestor destes programas refire que, nos pregos aprobados para a contratación destes servizos, en cumprimento do obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, establece nos contratos como condición especial de execución “a adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.



**SERVIZO DE EDUCACIÓN****Orzamento total previsto para o exercicio 2026:** Total: 18.247.147,62 €**Programas orzamentarios e crédito:**

- 3200: Administración xeral de educación 581.480,66 €
- 3230: Funcionamento de centros documentes de ensino pr. 11.278.358,55 €
- 3231: Promoción educativa 378.459,36 €
- 3260: Servizos complementarios de educación 4.722.422,31 €
- 3261: Escola de Artes e Oficios 1.286.426,74 €

Accións/programas/servizos:

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas polo Servizo de Educación que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. A análise do impacto de xénero realizarase tendo en conta os datos achegados por ese Servizo. Detállase a información para cada unha destas once accións:

1. Rede de Escolas Infantís Municipais
2. Escolas Municipais de Ensinanzas non regradas
3. Escola Municipal de Artes e Oficios
4. Educación básica de persoas adultas
5. Convenio Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca
6. Programa de Inmersión Lingüística “Vigo en Inglés”
7. Aula Universidade Nacional de Educación a Distancia
8. Consello Escolar Municipal de Vigo
9. Programa educativo “Vigo Educa” de desprazamentos e visitas didácticas
10. Programa didáctico “Visita o teu Concello”
11. Bolsas para estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo

CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS**1. Rede de Escolas Infantís Municipais****Partidas de gasto e gasto previsto:** 2.339.123,50 €

Esta acción conta con nove partidas orzamentarias diferentes, cuxas previsións de dotación dotacións para o exercicio 2026 son as seguintes:





. Escola infantil de Lavadores	3230 2279904	269.060,00 euros
. Escola infantil de Navia	3230 2279905	272.250,00 euros
. Escola infantil Casco Vello	3230 2279906	232.924,01 euros
. Escola infantil municipal Saiáns	3230 2279907	269.060,00 euros
. Escola infantil Teis	3230 2279908	273.400,00 euros
. EIM Tomás Alonso	3230 2279912	238.567,23 euros
. EIM Casiano Martínez	3230 2279913	251.092,02 euros
. EIM Mestres Goldar	3230 2279914	223.135,00 euros
. EIM Bembrive	3230 2279915	309.635,24 euros

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo xestiona nove escolas da primeira etapa de Educación Infantil (de 0 a 3 anos): Lavadores, Navia, Casco Vello, Saiáns, Teis, Tomás Alonso, Bouzas (Casiano Martínez), Castrelos (Mestres Goldar) e Bembrive.

Son obxectivos específicos do Concello de Vigo con esta acción:

- Proporcionar ás nenas e aos nenos unha atención integral sen distinción de raza, nacionalidade, sexo, relixión, lingua ou condición social, garantindo o seu pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral.
- Fomentar a educación baseada nos principios e valores de tolerancia, solidariedade, igualdade, coeducación, cooperación e respecto aos demais e ao contorno, facilitando deste xeito o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos.
- Promover e fomentar o desenvolvemento integral das nenas e nenos, así como a aprendizaxe de habilidades sociais, afectivas e cognitivas.
- Promover a participación activa de todos os sectores que forman a comunidade educativa.
- Facilitar a integración progresiva das nenas e nenos na súa cultura e no seu medio.
- Prestar especial atención á diversidade das nenas e nenos, respectando as diferenzas físicas, intelectuais ou culturais que existen entre eles, facilitando a súa integración.
- Servir de reforzo e apoio ás familias traballadoras da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas ou medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.
- O servizo contribúe á promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).





- O servizo promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción.

Por unha banda, o servizo cubre unha necesidade práctica das mulleres ao ser estas as que tradicionalmente asumiron o rol de coidadoras. Aínda hoxe as mulleres son as que maioritariamente se ocupan do coidado das fillas e fillos máis pequenos, o que dificulta o acceso ao mercado laboral e goce de tempo libre en igualdade de condicións cos homes. Ademais, inclúen a promoción da igualdade entre os seus obxectivos. Por isto, malia que oferta de centros de educación infantil está dirixida a toda a poboación, sen distinguir entre homes e mulleres, este servizo contribúe positivamente á consecución da igualdade.

Por outra, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión destes centros incorporan como condición especial de execución "A adopción de medidas pola empresa adjudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato", contribuíndo á conciliación familiar non só das persoas destinatarias do servizo senón tamén do seu persoal.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Concluíron o curso escolar 2024/25 un total de 368 alumnas/os: 202 nenas (54,89%) e 166 nenos (45,11%).

2. Escolas municipais de ensinanzas non regradas

Partidas de gasto e gasto previsto: 996.607,45 €

Esta acción conta con catro partidas orzamentarias diferentes, cuxas previsións de dotacións para o exercicio 2026 son as seguintes:

• Escola municipal de Música	3230 2279902	446.492,45 euros
• Escola municipal de Teatro	3230 2279903	102.626,00 euros
• Escola municipal de Música Tradicional e Folk	3260 2279918	282.750,00 euros
• Escola municipal de Danza	3260 2279926	164.739,00 euros

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo xestiona catro escolas de ensinanza non regrada: Escola municipal de Música, Escola municipal de Teatro, Escola municipal de Música Folk e Tradicional e Escola municipal de Danza, ao abeiro do establecido na vixente lexislación que regula estas actividades e, en xeral, o sistema educativo (nomeadamente, a Lei Orgánica 2/2006 de Educación e a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia), que establece o marco normativo que induce e facilita a participación dos concellos na xeneralización da formación en actividades artísticas para toda a poboación.

A súa finalidade é:

- Ofrecer formación que capacita para o desenvolvemento profesional destas actividades.





- Promoción e desenvolvemento de actividades de formación en ámbitos artísticos con carácter afeccionado.

- Oferta pública de acceso da cidadanía á cultura e á adquisición de competencias artísticas para o seu crecemento persoal.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos e goce de dereitos.

Malia que a oferta formativa non se dirixe a homes ou mulleres nin establece ningunha prioridade, é significativa a ampla participación feminina nas Escolas, que supera á dos homes. Isto facilita a adquisición de habilidades e competencias para o emprego e a participación das mulleres.

Ademais, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión destas escolas incorporan como condición especial de execución “A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No curso escolar 2024/25, houbo un total de 1.151 persoas matriculadas: 583 mulleres e nenas (50,65%) e 568 homes e nenos (49,35%).

3. Escola Municipal de Artes e Oficios

Partidas de gasto e gasto previsto: 1.286.426,74 euros

A Escola municipal de Artes e Oficios conta cun programa orzamentario propio (3261), dividido entre os capítulos 1, 2 e 6

Capítulo 1 (Gastos de persoal): 971.550,74 euros

Capítulo 2 (Gastos correntes en bens e servizos): 286.876,00 euros

Capítulo 6 (Investimentos reais): 28.000,00 euros

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo xestiona directamente a Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO), cunha oferta de once especialidades: Artesanía en coiro, Construción artesanal de instrumentos musicais Gaita, Construción artesanal de instrumentos musicais Zanfona, Debuxo artístico, Deseño e encaixe de palillos, Moda e confección, Ourivería, Pintura, Serigrafía artística, Talla escultórica en madeira e cursos monográficos no mes de xullo.

O obxectivo xenérico da EMAO é a formación de persoas adultas en distintos campos das artes aplicadas e oficios artísticos, con carácter non regrado. Persegue ademais un obxectivo de carácter sociocultural, servindo de referente e de entidade difusora da cultura artística e artesá entre a poboación en xeral. Realiza actividades culturais relacionadas ao longo do ano e conta cunha biblioteca pública especializada con fondo histórico e contemporáneo.





Dende a súa fundación no ano 1886, ten como finalidade explícita a formación das persoas traballadoras e, especificamente, das mulleres.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.

Malia que a oferta formativa non se dirixe a homes ou mulleres nin establece ningunha prioridade, é significativa a ampla participación feminina na EMAO, que supera á dos homes. Mediante a formación e acción cultural esta medida contribúe ao desenvolvemento profesional e persoal, así como a integración social e empregabilidade de mulleres adultas, sen esixir preparación específica ou estudos previos.

Ademais, a acción contempla horarios estendidos alternativos de mañá e tarde, que permiten a conciliación laboral e familiar, o que cubre unha necesidade práctica das mulleres e contribúe á aumentar a participación destas.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No curso escolar 2024/25, houbo un total de 506 persoas matriculadas: 358 mulleres (70,75%) e 148 homes (29,25%).

4. Educación Básica de Persoas Adultas

Partida orzamentaria: Programa Educación Básica Persoas Adultas 3260 2279916

Gasto previsto: 39.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O programa de Educación básica de persoas adultas impártese de xeito presencial e telemático en oito locais das Asociacións Veciñais e Centros Sociais de Vigo, e ten como obxectivo ofrecer ás persoas maiores de 18 anos as ensinanzas orientadas ao logro das competencias básicas, para adquirir as habilidades instrumentais básicas de lectoescritura, de cálculo matemático e de manexo de ferramentas informáticas, mediante unha metodoloxía e proceso instrutivo flexible e aberto, axeitado ás necesidades e características concretas do alumnado adulto. Ten como meta funcional posibilitar á incorporación das persoas aos estudos conducentes á obtención do Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e como obxectivo cívico e sociocultural, potenciar a súa incorporación plena na vida da cidade.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.



**Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:**

- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.

Malia que a oferta formativa non se dirixe a homes ou mulleres, nin establece ningunha prioridade, é significativa a ampla participación feminina xa que a práctica totalidade das usuarias/beneficiarias desta acción son mulleres. Mediante a formación, esta medida contribúe ao desenvolvemento profesional e persoal, así como a integración social de mulleres adultas.

Ademais, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión deste programa incorporan como condición especial de execución “A adopción de medidas pola empresa adjudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Das 149 persoas que remataron o curso 2024/25, 135 son mulleres, o que corresponde ao 90,6 % do total.

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES**5. Convenio Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnas e Alumnos de Vigo e comarca**

Partida orzamentaria: “Convenios FOANPA” 3260 4890001

Gasto previsto: 642.405,31 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo concede anualmente á Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de alumnas/os de Vigo e Comarca (FOANPA) unha subvención nominativa coa que se financia parte das actividades organizadas por 52 asociacións de nais e pais de alumnas e alumnos de centros escolares.

Con este convenio, o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comenzado por este Concello en anos anteriores.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).
- Medidas que fomenten a corresponsabilidade social e pública para o coidado.

Malia que a igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, nin se trata dunha medida que vaia dirixida de forma diferenciada a homes ou mulleres, hai que ter en conta que aínda hoxe as mulleres son as que maioritariamente se ocupan do coidado das fillas e fillos máis pequenos, o





que dificulta o seu acceso ao mercado laboral, goce de tempo libre e participación. A oferta de aulas matinais, comedores escolares e actividades extraescolares fóra do horario de clases posibilita que as mulleres conten con maior flexibilidade para o acceso ao mercado laboral e/ou a outras actividades de carácter social e cultural.

Ademais, o movemento asociativo das ANPAS (asociacións de nais e pais de alumnas/os) está maioritariamente composto por mulleres, co que a subvención concedida polo Concello de Vigo fomenta as actividades por elas organizadas, e polo tanto o seu empoderamento.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Este financiamento permitiu no último curso o servizo en 26 comedores para 2.040 comensais diarios e 500 escolares de aulas matinais, así como a contribución municipal para a realización de aproximadamente 465 actividades extraescolares para preto de 8.972 alumnas e alumnos.

CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

6. Programa educativo de mellora de competencia en linguas estranxeiras

Partida orzamentaria: “Programa educativo aulas internacionais” 3260 2279917

Gasto previsto: 3.325.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Programa de mellora de competencia en lingua inglesa “Vigo en Inglés”, que ofrece ao alumnado de educación secundaria un programa de inmersión lingüística mediante integración escolar en High Schools de Reino Unido e Irlanda, de cara a promover unha aprendizaxe e perfeccionamento no uso da lingua inglesa e proporcionarlles unha experiencia multicultural e un coñecemento directo da vida e cultura doutros lugares mediante a súa estadía nun país de fala inglesa e a integración en centros escolares estranxeiros.

A acción vai dirixida ao alumnado de 3º e 4º cursos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros escolares de Vigo, que destacan pola súa excelencia académica.

Nas súas últimas edicións, foise ampliando a oferta de prazas para este programa dada a súa elevada demanda.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mozas aos recursos: uso do tempo, goce de dereitos e participación.

Malia que o programa non se dirixe a mozos ou mozas de forma diferenciada, nin establece ningunha prioridade, o programa contribúe ao desenvolvemento persoal e académico, así como a integración social das rapazas.

Ademais, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión deste programa incorporan como condición especial de execución “A adopción de medidas pola empresa





adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Na presente convocatoria (ano 2025), resultaron beneficiarias deste programa 1.020 persoas: 601 rapazas (58,92%) e 419 rapaces (41,08%).

7. Aula Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED)

Programa orzamentario: A Aula da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Vigo conta cun programa orzamentario propio “*Promoción educativa*” 3231, que conta cos capítulos 2, 4 e 6.

Gasto previsto: 378.459,36 €

Capítulo 2 (Gastos correntes en bens e servizos): 127.459,36 euros

Capítulo 4 (Transferencias correntes): 225.000,00 euros

Capítulo 6 (Investimentos reais): 26.000,00 euros

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo xestiona nas plantas 4, 5 e 6 do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo unha serie de dotacións orientadas a actividades de carácter educativo, que contan cunha elevada demanda de asistencia, entre as que destacan a Aula de Estudos de máis de 1.000 metros cadrados e a Aula da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) da cidade.

A Aula Universitaria UNED de Vigo ofrece a titorización do curso de acceso e de trece graos (Psicoloxía, Dereito, Administración e Dirección de empresas, Educación social, Historia da Arte, Xeografía e Historia, Pedagogía, Enxeñaría informática, Ciencias ambientais, Estudos ingleses: lingua, literatura e cultura, Turismo, Enxeñaría en Tecnoloxías da Información e Ciencia Política e da Administración).

O sistema de estudos empregado pola UNED permite a todas aquelas persoas que desexen seguir estudos superiores un acceso á ensinanza universitaria cunha menor carga presencial.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.

O sistema de estudos da UNED ten un menor carácter presencial e, por tanto, unha maior flexibilidade horaria, facilitando a conciliación familiar. Ademais, poder contar cunha aula na cidade que evite desprazamentos a outra cidade, tamén facilita o acceso a persoas con máis dificultades de mobilidade por non ter acceso a coche propio, ter responsabilidades familiares etc., casos nos que as mulleres adoitan ser maioría.



**Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):**

No curso 2024/25, o total de alumnado matriculado na Universidade Nacional de Educación á Distancia foi de 1.034 persoas: 620 mulleres (60 %) e 414 homes (40 %).

8. Consello Escolar Municipal de Vigo

Partida orzamentaria: “Estudos e traballos técnicos” 3230 2279910

Gasto previsto: 26.940,00 €

Esta acción non conta con partida orzamentaria específica. Os gastos correspondentes a xestión, dinamización e funcionamento desta acción acostuman imputarse á partida orzamentaria *Estudos e traballos técnicos* (3230.2279910), que conta cunha dotación de 26.940,00 euros, no entanto, a previsión de gasto real para o exercicio 2026 desta acción é de 18.634,00 euros.

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo destina o importe arriba indicado para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) como lugar de encontro e foro para a reflexión e debate da situación educativa do municipio.

O CEMV está composto por unha presidencia (concelleira delegada de Educación), trinta vogais pertencentes aos sectores docente, usuarias/os e social, unha vicepresidencia (nomeada entre os vogais), unha secretaría (funcionario ou funcionaria municipal designada pola presidenta) e un ou unha representante nomeada pola Administración Educativa da Xunta de Galicia.

O CEMV constitúese como o máximo órgano de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal, conforme ao Acordo adoptado polo Pleno municipal en data 25 de xaneiro de 2010 (BOPPO do 24 de febreiro de 2010).

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción.
- Incorpora medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos.

Malia que a consecución da igualdade non sexa o seu obxectivo principal, entre as finalidades deste órgano está a de “fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia, a igualdade, a xustiza, o pluralismo e a normalización da lingua galega na comunidade educativa”. Ademais, os Estatutos aprobados para o Consello Escolar Municipal de Vigo no Acordo plenario do 25/01/2010 recollen como esixencia para a súa composición a paridade entre mulleres e homes, e atópase representado o Consello Municipal da Muller, como órgano que da voz ás demandas dos colectivos de mulleres e feministas da cidade.



**9. Programa educativo “Vigo Educa” de desprazamentos e visitas didácticas**

Partida orzamentaria: *Vigo Educa* 3230 2279911

Gasto previsto: 60.778,00 €, aínda que o importe anual do contrato para a xestión deste servizo é de 90.000,00 euros.

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo ofrece o programa educativo municipal “Vigo Educa” mediante o cal se prestan, en xornada lectiva matinal, desprazamentos gratuítos en autobuses a itinerarios e/ou visitas didácticas locais para alumnado entre 3 e 18 anos, así como a alumnado con necesidades educativas especiais (atópase en trámite un novo expediente de contratación para a prestación deste servizo). Estes itinerarios e/ou visitas deberán estar preferentemente relacionados coa variada oferta educativa municipal.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción.
- Incorpora medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos.

As visitas escolares permiten ás nenas acceder en igualdade de condicións cos seus compañeiros a recursos de tipo educativo e lúdico. Ademais, malia que o fomento da igualdade e a superación dos estereotipos non sexa o seu obxectivo principal, moitas destas visitas e actividades están relacionadas con exposicións ou actividades relacionadas coa promoción de valores de igualdade, visibilización das achegas das mulleres e/ou superación de roles e estereotipos de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

O número de persoas que poden ser beneficiarias desta acción calcúlase multiplicando o número máximo de desprazamentos realizados (750) pola capacidade de cada autobús (55 prazas): 41.250.

Das 41.250 posibles persoas beneficiarias, estímase, en función das porcentaxes xerais de alumnado no municipio, que un 55% son nenas (22.688) e un 45%, nenos (18.562).

10. Programa didáctico “Visita o teu Concello”

Partida orzamentaria: “Programas educativos” 3230 2279909

Gasto previsto: 50.000,00 €

Esta acción non conta con partida orzamentaria específica. Os gastos correspondentes a xestión, dinamización e funcionamento desta acción acostuman imputarse á partida orzamentaria *Programas educativos* (3230.2279909), que conta cunha dotación de 50.000,00 euros, no entanto, a previsión de gasto real para o exercicio 2026 desta acción sería de 19.849,61 euros (este importe podería variar en función da adxudicación do novo contrato para a prestación deste servizo a partir de 14/09/2026).



**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

O Concello de Vigo ofrece ao alumnado dos cursos 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria de centros do termo municipal un sistema de visitas á Casa do Concello. O obxectivo desta iniciativa é achegar dun xeito didáctico a Administración municipal á poboación escolar, dando a coñecer a estrutura, funcións e competencias do Concello de Vigo e reflexionando sobre o papel e a eficacia das administracións locais como garantes dos servizos públicos de calidade.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Incorpora medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos.

As visitas escolares permiten ás nenas acceder en igualdade de condicións cos seus compañeiros a recursos e coñecer os seus dereitos como cidadás.

Ademais, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión deste programa incorporan como condición especial de execución “A adopción de medidas pola empresa adjudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No curso 2024/25, realizáronse un total de 50 visitas, cada unha delas con 50 alumnas e alumnos, polo que o número do alumnado beneficiario desta actividade alcanzou un total de 2.500.

Destas 2.500 persoas, estímase, en función das porcentaxes xerais de alumnado no municipio, que o 55% foron nenas (1.375) e o 45% foron nenos (1.125).

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES**11. Bolsas Concello de Vigo para estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo**

Partida orzamentaria: “*Becas Estudos Internacionais*” 3260 4890010

Gasto previsto: 175.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo ofrece un sistema de bolsas para estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo que curse os seus estudos en calquera dos cursos dos niveis intermedio e avanzado dos idiomas inglés, francés e alemán, no nivel intermedio B2 ou en calquera dos niveis avanzados dos idiomas de italiano e portugués ou en calquera dos cursos do nivel intermedio dos idiomas chinés e xaponés, para que participe nun programa educativo no país correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacidade en linguas estranxeiras, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.



**Clasificación do impacto:**

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Incorpora medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos.

Malia que o programa non se dirixe a homes ou mulleres de forma diferenciada, nin establece ningunha prioridade, contribúe ao desenvolvemento persoal e académico, así como a integración social das mulleres.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Na convocatoria 2025, foron concedidas bolsas a 50 persoas beneficiarias, das que 37 son mulleres (74%) e 13 son homes (26%), sendo o custo total previsto nesta convocatoria de 88.250,00 euros.



**SERVIZO DE PROMOCIÓN E XESTIÓN CULTURAL****Programas orzamentarios e orzamento previsto:** 4.893.443,96 €

- 3321- Bibliotecas públicas: 1.153.262,90 €
- 3331- Equipamentos culturais: 1.034.100,00 €
- 3340- Promoción cultural: 2.706.081,06 €

Accións/programas/servizos:

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas directamente e/ou subvencionadas polo Servizo de Promoción e Xestión Cultural que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. A análise do impacto de xénero realizarase tendo en conta os datos achegados por ese Servizo. Detállase a información para as seguintes accións:

1. Programación municipal de artes escénicas Vigocultura
2. Programación de actividades na Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas
3. Subvencións nominativas para o desenvolvemento de programas e actividades culturais
4. Convocatoria para concesión de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais por parte de empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo"

CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS**1. Programación municipal de artes escénicas Vigocultura****Partidas orzamentarias e créditos:**

- "Programación Auditorio Municipal" 3331 2260906 230.000,00 €
- "Traballos e servizos" 3331 2279900 8.000,00 €
- "Programación Vigo Cultural" 3340 2260901 230.000,00 €
- "Xestión de entradas e outros traballos" 3340 2279900 55.500,00 €

Gasto da acción previsto para o ano 2026: 340.000,00 €**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

Programación de tipo cultural e educativa de artes escénicas (música, teatro, danza...) que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación. O seu obxectivo fundamental é promover a participación e o acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de





habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

A programación Vigocultura enmárcase dentro da liña principal de programación coa que se conta no eido da cultura, a Rede Galega de Teatros e Auditorios, que establece datas de programación segundo os catálogos publicados, conforme aos espectáculos que están xirando en cada semestre no panorama galego. A programación Vigocultura ten situada á cidade de Vigo como unha das mellores programacións de artes escénicas do panorama actual pola diversidade da súa programación e, sobre todo, pola calidade dos espectáculos seleccionados que, cada ano, procuran o achegamento a temas de constante actualidade e transcendencia social como o medio ambiente, a concienciación social, o empoderamento da muller como figura esencial na creación e exhibición cultural, etc.

Ademais, o Servizo realiza convocatoria pública para a presentación de propostas artísticas para a programación Vigocultura.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Aínda que a igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, no seu deseño e implementación tense en conta o efecto potencial desta porque promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción ao ter en conta a presenza de mulleres creadoras nas propostas artísticas, nos elencos e persoal técnico das obras programadas. Ademais, existen ofertas de programación con temática feminista, de prevención da violencia de xénero, de potenciación do traballo das mulleres en postos máis técnicos.
- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Segundo consta na información do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, procúrase que exista paridade na selección dos espectáculos da programación de Vigocultura: nas intervencións dos e das intérpretes, nos elencos de dirección, persoal técnico, dramaturgas e dramaturgos, etc. Ademais, existen ofertas de programación con temática feminista, de prevención da violencia de xénero e de potenciación do traballo das mulleres en postos máis técnicos; e o deseño da programación inclúe criterios de visibilidade e impulso das mulleres como creadoras, promove mensaxes que rompen cos estereotipos de xénero e ten en conta as achegas das mulleres ao longo da historia.

No caso do público obxectivo, procúrase realizar un programa apto para todos os públicos. As accións e actividades realizadas non están destinadas a un público ou sexo concreto, senón que están orientadas ao público xeral procurando sempre a igualdade de acceso e oportunidades. Malia que os espectáculos non se dirixen a un determinado perfil de asistentes, a oferta cultural facilita o acceso das mulleres á cultura e ás artes escénicas.

Persoas beneficiarias clasificadas por sexo na última edición de Vigocultura (ano 2024):

En canto ao público asistente, existe unha paridade entre homes e mulleres.

En canto aos elencos artísticos das obras programadas:





- Período xaneiro-abril de 2025: 57 mulleres e 45 homes
- Período outubro-novembro de 2025: 35 mulleres e 35 homes

Emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista:

Segundo o Servizo, na programación Vigocultura emprégase unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se emprega para a súa difusión e utilízanse imaxes non estereotipadas que visibilizan a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado e familiar.

2. Programación de actividades na Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas

Partidas orzamentarias:

“Funcionamento da Biblioteca M. Garrido” 3321 2279910 335.737,00 €

“Biblioteca programa actividades” 3321 2279911 5.000,00 €

Gasto previsto: 340.737,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

A Concellería de Cultura xestiona, a través da contratación dunha empresa de servizos bibliotecarios complementarios, a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, sita na avenida Martínez Garrido, número 31. A biblioteca foi creada por acordo do Pleno Municipal de data 31 de maio de 2010. Por Orde de data 21 de xullo de 2010, o Conselleiro de Cultura e Turismo resolveu a creación e integración da citada biblioteca na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (DOG nº 163 de 25 de agosto), acordado no convenio asinado con data 21 de outubro de 2010. A inscrición no Rexistro de Bibliotecas de Galicia resolveuse por Resolución do conselleiro de Cultura e Turismo de data 18 de novembro de 2010.

Os servizos que se prestan na biblioteca están dirixidos ao desenvolvemento e fomento das actividades propias dos servizos bibliotecarios, informativos e de lecer, destinados tanto á cidadanía en xeral, estudantes e profesionais, como a calquera que necesite orientación, guía ou apoio durante o seu uso privado ou profesional durante a súa estancia no centro.

Son obxectivos xerais da biblioteca os seguintes:

- Contribuír ao desenvolvemento local mediante a provisión e fomento de servizos bibliotecarios, informativos, lectura e lecer.
- Canalizar as demandas da cidadanía que a biblioteca poida recoller e resolver.
- Constituírse como centro de formación e información que axude a xerar coñecemento e sirva de aglutinador sociocultural do seu ámbito poboacional de referencia.
- Apostar polo desenvolvemento de novas tecnoloxías de comunicación e información, facilitando o acceso en liña a todos os servizos posibles dentro do seu ámbito funcional.
- Erixirse como referente e modelo de xestión de biblioteca pública, tendo como obxectivo final a variedade e a calidade.





Dentro do programa anual de actividades desenvolvidas na biblioteca inclúense unha serie de accións específicas con perspectiva de xénero, como son:

Celebración de efemérides:

- 11 de Febreiro: Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (Escape Room: Muller e Enxeñaría)
- 23 de Febreiro: Día de Rosalía de Castro (obradoiro coa Fundación Integra)
- 8 de Marzo: Día Internacional de Muller (participación nas xornadas 8M no Museo Marco coas entidades sociais do Calvario)
- 21 de Marzo: Día da Poesía. Masha Álvarez (encontro coa autora)
- 17 de maio: Día das Letras Galegas. Cantareiras (foliada coas pandeireteiras de A Buxaina)
- 13 de outubro: Día das Escritoras (promoción da lectura agasallando flores con citas de escritoras ás persoas usuarias que leven en préstamo libros de autoría feminina)
- 25 de Novembro: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (concentración na Praza da Memoria coas entidades sociais do Calvario)

A conmemoración destas datas, nos seus diferentes formatos, vai sempre acompañada dunha mostra bibliográfica coa temática de cada efeméride.

Outras accións

- Cruz Vermella. Coñecendo ás Cantareiras. Visita guiada á biblioteca para dar a coñecer os recursos de utilidade para as mulleres do programa + actividade de promoción lectora.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas nos que a igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, pero no seu deseño e implementación tense en conta o efecto potencial desta, ao terse en conta a presenza de mulleres nas propostas programadas. Ademais, existen ofertas de programación con temática feminista, de prevención da violencia de xénero, de potenciación do traballo das mulleres en postos máis técnicos.
- Deseño da programación que inclúe criterios de visibilidade e impulso das mulleres como creadoras, promove mensaxes que rompen cos estereotipos de xénero e que teñen en conta as achegas das mulleres ao longo da historia.
- Actividades de fomento da corresponsabilidade entre mulleres e homes e da prevención da violencia de xénero e protección dos dereitos das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade.
- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (uso do tempo, goce de dereitos e participación).




Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No caso do público obxectivo, usuarios e usuarias da programación, procúrase realizar un programa apto para todos os públicos, independentemente do xénero ou perfil dos e das asistentes.

Segundo os datos facilitados polo Servizo de Promoción e Xestión cultural, o número de persoas beneficiarias desagregadas por sexo en 2025 foi de:

- Recomendacións do mes (1 mensual): Fina Casalderrey, Rachel Carson, Alicia Giménez Bartlett, Agatha Christie, Alice Oseman, María Xosé Porteiro, Marilar Aleixandre, Laura Gallego (8 mulleres, 4 homes).
- Contadoras nos contacontos para público infantil (9 Sesións, 10 contadores/as): Raquel Queizás, Marta Ortiz (2 veces), Silvia Penide, Beatriz Campos, Tareixa Alonso, Noelia Candal, Robe (7 mulleres, 3 homes).
- Contadoras nos contacontos para público adulto (8 Sesións, 8 contadores/as): Bea Campos, Soledad Felloza, María da Pontragha (3 mulleres, 5 homes)
- Terrazas de verán:
 - Concerto Áureas
 - Encontro con María Xosé Porteiro
- Club de lectura persoas adultas:

2 coordinadoras

Participantes (3 grupos de 20 persoas): 53 mulleres, 7 homes
- Club de lectura xuvenil

1 coordinadora

Participantes (12 persoas): 9 nenas, 3 nenos
- 620 novas persoas inscritas: 343 mulleres, 387 homes

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, utilízase unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se emprega na difusión do programa. Ademais, utilízanse imaxes non estereotipadas que visibilizan as achegas das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado e familiar.





CAPÍTULO 6. TRANSFERENCIAS CORRENTES

3. Subvencións nominativas para o desenvolvemento de programas e actividades culturais

Partidas orzamentarias e crédito:

3340 47 transferencias a empresas privadas:

- *Sinsaludío, Festival Sinsal*, 3340 4700002, 7.000,00 €
- *Artika, programa artes escénicas e musicais*, 3340 4700003, 10.000,00 €
- *Teatro Ensalle, programación de teatro*, 3340 4700004, 10.000,00 €
- *Festival Kerouac, culture lovers s.c.*, 3340 4700005, 5.000,00 €

3340 48 transferencias a entidades sen ánimo de lucro:

- *As. cultural Vértixe Sonora, Festival intern. Contemporáneo*, 3340 4800000, 7.000,00 €
- *Instituto Estudios Vigueses, programa actividades*, 3340 4800001, 40.000,00 €
- *Cine Clube Lumiere, cine en versión*, 3340 4800002, 10.000,00 €
- *Funda. Coral Casa Blanca, programa de concertos*, 3340 4800003, 42.500,00 €
- *Orquestra Clásica de Vigo, programa de*, 3340 4800004, 60.000,00 €
- *As. Amigos da Ópera de Vigo, outono*, 3340 4800005, 60.000,00 €
- *Fund. Carlos Casares, programa actividades*, 3340 4800007, 6.000,00 €
- *Convenio cultural Asociación de Corales polifonía*, 3340 4800008, 205.000,00 €
- *Amigos Pintor Colmeiro, comodato*, 3340 4800009, 10.000,00 €
- *Fed. bandas populares de música de Vigo*, 3340 4800010, 233.200,00 €
- *Agrup. Centros Deportivos e Culturais, F.*, 3340 4800011, 20.000,00 €
- *Subvención Consev. Supe. Música, Fest. Nas Ondas*, 3340 4800012, 4.000,00 €
- *Subvención As. Gal. Inst. Corda (AGIC) Concurso de violín*, 3340 4800013, 12.000,00 €
- *As. Premios da Crítica, subvención premios da*, 3340 4800014, 12.000,00 €
- *Subvención as. Música clásica, Concurso de piano*, 3340 4800015, 40.000,00 €
- *Subvención Fed. Libreiros Galicia, Feira do Libro*, 3340 4800016, 15.000,00 €
- *Agrup. Fotográfica galega, Maratón Fotográfico*, 3340 4800018, 12.000,00 €
- *Convenio Fundación Sondeseu, programa concertos*, 3340 4800019, 12.000,00 €
- *Sociedad Filarmónica Vigo, programa de concertos*, 3340 4800020, 15.000,00 €
- *Orquestra Clásica Infantil KV221*, 3340 4800021, 10.000,00 €
- *Subvención Freaky Film Festival*, 3340 4800022, 6.000,00 €
- *Conv. Agrup. C. Deportiv. e Culturais Vente*, 3340 4800023, 100.000,00 €
- *Mostra de cine de montaña Montañeiros*, 3340 4800025, 4.000,00 €





- *Fundación Mayeusis, programa Conexións Vigo* 3340 4800026, 60.000,00 €
- *Orquesta Vigo programa de concertos*, 3340 4890008, 150.000,00 €

Gasto previsto: 1.177.700,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

Subvencións de carácter nominativo destinadas ao financiamento de actividades culturais diversas (cine, artes escénicas, exposicións...) organizadas por empresas e entidades sen ánimo de lucro.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas nos que a igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, pero na concesión, control e seguimento posterior e xustificación final tense en conta o efecto potencial desta porque promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción, ao incluír criterios de visibilidade e impulso das mulleres como creadoras, promover mensaxes que rompen cos estereotipos de xénero e tendo en conta as achegas das mulleres ao longo da historia. Establécese, en todos os casos, como obriga da entidade beneficiaria o compromiso de utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.
- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Segundo a información remitida polo Servizo correspondente, non se dispón de datos concretos desagregados. Non obstante, o Servizo refire que as programacións subvencionadas inclúen unha importante incorporación de mulleres tanto como creadoras culturais, como participantes directas nas actividades en calidade de artistas e/ou persoal de tipo técnico, e existe paridade no público asistente.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, na xestión destas axudas, inclúese en todos os casos una obriga da entidade beneficiaria comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

4. Convocatoria para concesión de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais por parte de empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo".

Partida orzamentaria: "Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo" 3331 4700002

Gasto previsto: 500.000,00 €.



**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

Convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais por parte de empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Aínda que o obxectivo principal destas axudas non é a igualdade de xénero, á hora da concesión, control e seguimento posterior e xustificación final tense en conta o efecto potencial desta coa inclusión das seguintes cláusulas:

Quedarán excluídos os seguintes gastos:

Os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións non apropiadas (linguaxe sexista, imaxe da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual, maltrato animal ou en contra do medio natural/ambiente...).

Serán obrigas das entidades beneficiarias:

e) Comprometerse á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento subvencionado.

Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Segundo a información remitida polo Servizo, aínda que non se dispón de datos concretos desagregados, as programacións subvencionadas inclúen unha importante incorporación de mulleres tanto como creadoras culturais, como participantes directas nas actividades en calidade de artistas e/ou persoal de tipo técnico.

En canto ao público asistente, existe unha paridade entre homes e mulleres. As accións e actividades realizadas non están destinadas a un público ou sexo concreto, senón que están orientadas ao público xeral procurando sempre a igualdade de acceso e oportunidade.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, na xestión destas axudas, inclúese en todos os casos una obriga da entidade beneficiaria comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.



**SERVIZO DE
IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO**

**CONCELLO DE
VIGO**



Exclúense destas axudas os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións non apropiadas: linguaxe sexista, imaxe da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:53 Páxina 75 de 107
CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA****Programas orzamentarios:**

- 3341 Normalización Lingüística

Orzamento total previsto para o exercicio 2026: 347.462,74 € desglosado do seguinte xeito:

Cap.1 Gastos de Persoal: 208.664,24 €

Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos: 128.798,50 €

Cap. 4 Transferencias correntes: 10.000,00 €

Accións/programas/servizos:

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. Tal e como consta no informe do Servizo, ademais das accións e programas incluídos no capítulo 2 do orzamento e que se analizan neste informe, un dos eixos do traballo normalizador é contribuír a termos unha sociedade igualitaria e en galego. A linguaxe é unha ferramenta que se traballa e tense en conta á hora de contratar actividades e quen as realiza e téntase achegar a outros departamentos municipais a través da corrección de escritos, elaboración de modelos, suxestións á hora de redactar os documentos, etc.

Ademais, segundo consta no informe elaborado polo Servizo, para reverter o dato obxectivo sociolingüístico que indica que as mulleres transmiten e usan menos o galego, procúrase un equilibrio entre monitoras e monitores, profesoras e profesores, narradoras e narradores... mesmo procurando un maior número de mulleres transmisoras dos contidos normalizadores que se achegan dende a programación do Servizo de Normalización Lingüística. O Servizo promove accións destinadas a persoas mozas e adultas que, cando menos, axuden a visibilizar o traballo e a investigación de mulleres en campos tradicionalmente considerados masculinos (investigación, ciencia, arbitraje e adestramento no deporte...) e na programación dirixida a xente miúda, fávorecese que haxa accións nas que se promova a muller non pasiva.

Detállase a información para as seguintes accións:

1. Obradoiros de escrita creativa para persoas adultas/mocidade
2. Curso de improvisación oral en verso
3. Curso de narración oral en prosa
4. Módulo de ferramentas teatrais para a narración oral
5. Módulo de poesía orientada á oralidade
6. Dinamización infantil e familiar
7. Datas conmemorativas (Letras Galegas)
8. Obradoiros e certame escolar de regueifas (Primaria, ESO, BAC)





CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

1. Obradoiros de escrita creativa

Partida orzamentaria e crédito: *Conferencias, seminarios, xornadas* 3341 2260600 12.000,00 €

Gasto previsto para esta acción: 2.592,00 €

Descrición da acción e finalidade:

Obradoiros de escrita creativa para persoas adultas/mocidade coa finalidade de aumentar as destrezas en galego escrito.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos ao fomentar a creatividade, socialización, adquirir destrezas na escrita das mulleres, que son as que participan maioritariamente.

Malia que o programa non se dirixe a homes ou mulleres de forma diferenciada nin establece ningunha prioridade, o programa contribúe ao desenvolvemento persoal e académico, así como a integración social das mulleres.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

3 obradoiros cunha asistencia do 70% mulleres. Imparte os obradoiros 1 profesora muller.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartellaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.

2. Curso de improvisación oral en verso

Partida orzamentaria e crédito: *“Centro de interpretación oralidade de Vigo”* 3341 2279906 29.298,50 €

Gasto previsto para esta acción: 3.456,00 €

Descrición da acción e finalidade:

Coñecer manifestacións, a raíz do noso patrimonio. Traballar o galego oral e crear novos e novas regueifeiras.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos e dirixida a cuestionar os estereotipos tradicionais de xénero, mediante o fomento da participación das mulleres nun espazo tradicionalmente masculino.



**Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)**

1 curso coa asistencia do 60% de mulleres. Imparte o curso 1 muller.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartalaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.

3. Curso de narración oral en prosa

Partida orzamentaria e crédito: “Centro de interpretación oralidade de Vigo” 3341 2279906 29.298,50 €

Gasto previsto para esta acción: 3.456,00 €

Descrición da acción e finalidade:

Cóñecer a tradición oral e valorala. Traballar o galego oral e crear novos e novas contadoras.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos e dirixida a cuestionar os estereotipos tradicionais de xénero, mediante o fomento da participación de mulleres nun espazo tradicionalmente masculino. Crear e promover contadas con perspectiva de xénero.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Un curso coa asistencia do 75% de mulleres. Imparten o curso 1 muller e 1 home.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartalaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.

4. Módulo de ferramentas teatrais para a narración oral

Partida orzamentaria e crédito: “Centro de interpretación oralidade de Vigo” 3341 2279906 29.298,50 €

Gasto previsto para esta acción: 1.440,00 €

Descrición da acción e finalidade:

Cóñecer o teatro, crear espazos para o uso do galego oral.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.





Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos e dirixida a cuestionar os estereotipos tradicionais de xénero, mediante o fomento da participación de mulleres nun espazo tradicionalmente masculino.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Un curso coa asistencia do 65% de mulleres. Imparte o curso 1 muller.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartellaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.

5. Módulo de poesía orientada á oralidade

Partida orzamentaria e crédito: "Centro de interpretación oralidade de Vigo" 3341 2279906 29.298,50 €

Gasto previsto para esta acción: 2.160,00 €

Descrición da acción e finalidade:

Actividade formativa e dinamizadora (slam, poesía, voz...)

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos dirixida a cuestionar os estereotipos tradicionais de xénero, mediante o fomento da participación de mulleres nun espazo tradicionalmente masculino.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Actividade formativa coa asistencia do 75% de mulleres. Imparte o curso 1 muller.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartellaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.

6. Dinamización infantil e familiar

Partida orzamentaria e crédito: "Prestacións servizos" 3341 2279903 30.000,00 €

Gasto previsto para esta acción: 3.025,00 €

Descrición da acción e finalidade:

"Lecer en galego, galego de lecer"

A través de distintas actividades trátase de pór en valor o labor das mulleres en espazos masculinizados dándolle a volta a contos tradicionais: nin a nena nin a muller son pasivas, nin os nenos nin os homes son valentes e príncipes.



**Clasificación do impacto:**

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Accións que inclúen contidos transversais dirixidos a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero, mediante o emprego de contos que promoven unha imaxe non estereotipada de homes e mulleres.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

50% de nenas e 50% de nenos

70% de nais e 30% de pais

Dinamiza as actividades 1 home

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartelaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.

7 . Datas conmemorativas (Letras Galegas)

Partida orzamentaria e crédito: “Celebración de datas conmemorativas galegas” 3341 2260901 15.000 €

Gasto previsto para esta acción: 5.920,00 €

Descrición da acción e finalidade:

Dar a coñecer esta data e, a través dela, favorecer o uso e coñecemento do galego. Dar a coñecer escritores e escritoras galegas

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Accións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero, ao enfocarse na visibilización das achegas das mulleres á cultura e ás Letras.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

O Servizo non achega datos de participación neste programa.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartelaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.

8. Obradoiros e certame escolar de regueifas (Primaria, ESO, BAC)

Partida orzamentaria e crédito: “Programa dinamización lingua” 3341 2279905 30.000,00 €





Gasto previsto para esta acción: 9.000.00 €

Descrición da acción e finalidade:

Improvisación oral como ferramenta lúdica para fomentar o galego oral. Dirixido a centros escolares.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Accións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero, ao fomentar a participación das mozas e potenciar, de forma transversal, o papel da muller na improvisación oral.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Persoal contratado: 2 regueifeiros. O Servizo indica que chegan á final máis mozas ca mozos pero non reflicte datos concretos de participación do alumnado no seu informe.

Emprego dunha linguaxe non sexista:

Segundo os datos achegados polo Servizo, empréganse materiais, cartellaría e imaxe nunha linguaxe igualitaria.



**SERVIZO DE XUVENTUDE**

Programa orzamentario: 3370 Instalacións de ocupación do tempo libre

Orzamento total previsto para o exercicio 2026: 1.412.555,78 €, desglosado do seguinte xeito:

Cap.1 Gastos de Persoal: 252.934,38 €

Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos: 945.621,40 €

Cap. 4. Transferencias correntes: 164.000,00 €

Cap. 6. Inversións reais: 50.000 €

Accións/programas/servizos:

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas polo Servizo de Xuventude que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. A análise do impacto de xénero realizarase tendo en conta os datos achegados por ese Servizo. Detállase a información para cada unha destas accións:

1. Espazos de dinamización infantil da Casa da Xuventude e de Coia
2. Campamentos urbanos de verán
3. Vigosónico
4. Festival VIGODANCE 2026

CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES E DE BENS E SERVIZOS**1. Espazos de dinamización infantil da Casa da Xuventude e de Coia**

Partida orzamentaria: “Ludoteca Casa da Xuventude e Coia” 3370 2279900

Gasto previsto: 142.780,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O Concello de Vigo, a través do Servizo de Xuventude, xestiona 2 espazos de dinamización infantil. Un está situado na Casa da Xuventude e outro, no Pavillón de Coia. Son servizos de carácter permanente que funcionan ao longo de todo o ano. Dirixidos ás familias con menores de entre 4 e 12 anos de idade, empadroadas no municipio de Vigo. O servizo ofrécese en horario de tarde durante o curso escolar e en horario de mañá durante as vacacións escolares, agás en xullo, que o servizo se integra no programa “Verán Xove”, e en agosto, que está pechado.

Son obxectivos específicos desta acción:

- Ofrecer un servizo de apoio ás familias da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar.
- Desenvolver a personalidade e favorecer a creatividade dos nenos e nenas participantes, a través do xogo e do xoguete.





- Propiciar a práctica do xogo en grupo e con compañeiros e compañeiras de idades similares.
- Fomentar a cooperación e participación social dos nenos e das nenas, aumentar a comunicación e mellorar o seu nivel de relación.
- Integración e participación da rapazada na súa comunidade a través do xogo
- Promover a participación activa da rapazada ao amparo dunha programación de actividades e metodoloxía baseada nos principios e valores da tolerancia, solidariedade, igualdade, coeducación sen distinción de xénero, raza, relixión ou calquera outra condición social.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programas que fomentan a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.
- O servizo contribúe á promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).
- Promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción.

O servizo cubre unha necesidade práctica das mulleres ao ser estas as que tradicionalmente asumiron o rol de coidadoras. Aínda hoxe, as mulleres son as que maioritariamente se ocupan do coidado das fillas e fillos máis pequenos, o que dificulta o acceso ao mercado laboral e goce de tempo libre en igualdade de condicións cos homes. Por isto, malia que a oferta de ludotecas está dirixida a toda a poboación, sen distinguir entre homes e mulleres, este servizo contribúe positivamente á consecución da igualdade.

Por outra banda, nestes espazos incídese, especificamente, nas programacións mensuais de actividades, no reforzo dos valores da igualdade de xénero entre os e as participantes. Deste xeito, promóvese a igualdade dende a perspectiva do xogo e da educación en valores dende a infancia.

Ademais, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión destes centros incorporan como condición especial de execución “a adopción de medidas pola empresa adjudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No curso escolar 2024/2025, a participación media mensual foi de 1.200 nenos e nenas, sendo a porcentaxe de nenas usuarias superior á de nenos. Segundo os datos dun mes estándar (xuño 2025), a porcentaxe de nenas que utilizaron este servizo foi dun 57,35%, e de nenos, dun 42,64%.

2. Campamentos urbanos de verán. Programa Verán Xove

Partida orzamentaria: “Campamentos do verán” 3370 2279912

Gasto previsto: 600.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 83 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Descrición da acción e finalidade que persegue:

Programa de actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais e outras, que se desenvolven durante os meses de xullo e agosto en diferentes espazos do municipio de Vigo. Son campamentos urbanos en horarios intensivos de mañá (8:00 a 15:00), na súa maioría, agás os campamentos con pernocta en Vigozoo. As idades dos e das participantes abranguen dende os 4 ata os 16 anos.

A relación destas actividades no pasado programa é a seguinte:

- 1.- Campamento Alcabre 1, Alcabre 2, Alcabre 3, Alcabre 4 e Alcabre 5. 250 prazas.
- 2.- Campamento Berbés 1, Berbés 2, Berbés 3, Berbés 4 e Berbés 5. 250 prazas.
- 3.- Campamento Dr. Fleming 1, Dr Fleming 2, Dr Fleming 3, Dr Fleming 4 e Dr Fleming 5. 250 prazas.
- 4.- Campamento Bouzas 1, Bouzas 2, Bouzas 3 e Bouzas 4 e Bouzas 5. 250 prazas.
- 5.- Campamento Candeán 1, Candeán 2, Candeán 3, Candeán 4 e Candeán 5. 250 prazas
- 6.- Campamento Coia 1, Coia 2, Coia 3, Coia 4 e Coia 5. 250 prazas.
- 7.- Campamento Etea 1, Etea 2, Etea 3, Etea 4 e Etea 5. 400 prazas.
- 8.- Campamento LudoMiñoca 1 e LudoMiñoca 2. 100 prazas.
- 9.- Campamento Navia 1, Navia 2, Navia 3, Navia 4 e Navia 5. 325 prazas.
- 10.- Campamento Samil 1, Samil 2, Samil 3, Samil 4 e Samil 5. 250 prazas.
- 11.- Campamento Travesas 1 e Travesas 2. 500 prazas.
- 12.- Campamento Vigosónico 1, Vigosónico 2, Vigosónico 3, Vigosónico 4 e Vigosónico 5. 325 prazas.
- 13.- Vigozoo Campamento 1, Vigozoo Campamento 2, Vigozoo Campamento 3. Vigozoo Campamento 4 e Vigozoo Campamento 5. 250 prazas.
- 14.- Vigozoo Albergue 1, Vigozoo Albergue 2, Vigozoo Albergue 3, Vigozoo Albergue 4. 100 prazas
- 15.- Campamento Casco Vello 1 e Casco Vello 2. 100 prazas.

Son obxectivos específicos desta acción:

- Ofrecer un servizo de apoio ás familias da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar durante o período estival coincidente coas vacacións escolares dos e das nenas de Vigo.
- Facilitar unha alternativa lúdica e formativa, de lecer e tempo libre, durante o período vacacional para os nenos e nenas da cidade de Vigo con idades comprendidas entre os 4 e os 16 anos.
- Fomentar a autoestima.
- Fomentar a comunicación e a iniciativa, capacitando aos nenos e nenas para a toma de decisións.





- Fomentar a igualdade de xénero nas actividades que realicen os e as menores.
- Fomentar o respecto pola contorna máis inmediata e pola cidade onde viven.
- Fomentar a afección polas actividades ao aire libre, o exercicio físico, o contacto coa vida sa.
- Fomentar e desenvolver habilidades sociais para relacionarse adecuadamente.
- Posibilitar as relacións interpersoais, nun ambiente distendido e de camaradería.
- Proporcionar as e os menores participantes unha educación nos principios de respecto ao entorno e medio ambiente.
- Promover a participación activa da rapazada ao amparo dunha programación de actividades e metodoloxía baseada nos principios e valores da tolerancia, solidariedade, igualdade, coeducación sen distinción de xénero, raza, relixión ou calquera outra condición social.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Programa que fomenta a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.
- O servizo contribúe á promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).
- Promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción.

A oferta de campamentos urbanos na cidade de carácter municipal está unificada exclusivamente neste programa de Verán Xove do Concello de Vigo. Estas actividades inciden directamente no eido da conciliación familiar, facilitando a posibilidade de que as mulleres (aínda maioritariamente encargadas dos coidados de nenas e nenos) accedan ao mercado laboral e/ou a outras actividades de carácter social e cultural, en condicións de igualdade cos homes.

Na programación das actividades de cada campamento incídese especificamente no reforzo dos valores da igualdade de xénero entre os e as participantes.

Ademais, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión destes centros incorporan como Condición especial de execución “A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No programa de Verán Xove 2025 houbo un total de 4.000 participantes: un 46,09% foron nenas e un 53,01 %, nenos.

3. VIGOSÓNICO

Partida orzamentaria: “Gastos xestión e mantemento Vigosónico” 3370 2279901

Gasto previsto: 92.500,00 €





Descrición da acción e finalidade que persegue:

Espazo adicado á música destinado á mocidade viguesa en xeral pero, sobre todo, a mocidade que se relaciona dalgún xeito coa música: compoñendo, tocando, ensaiando, escoitando... Consta de:

Espazos para a música:

- 5 locais de ensaio equipados (batería, mesa, amplificadores, etc.), dirixidos principalmente a mozos e mozas de entre 13 e 30 anos, especialmente, a grupos ou formacións musicais (cantautores/as, dúos, bandas, etc.) que precisen dun local para realizar os seus ensaios.
- Cabinas de formación
- Estudio de gravación
- Sala control de gravación

Espazos abertos e multiusos:

- Espazo de lectura e autoconsulta (revistas)
- Espazo para xuntanzas (grupos, asociacións, etc.)
- Sala de Informática: 12 ordenadores completamente equipados para a busca de información en internet, elaboración de documentos e traballos, edición de vídeo, etc.
- Salón de actos multiusos
- Superficie versátil: 117 m²
- Equipamento e mobiliario: 60 cadeiras, escenario móbil, proxector, pantalla (12 m²), mesa, encerado, etc.
- Zonas de cafetería, terraza, aparcamento e ocio
- Espazo climatizado
- Ciber gratuito
- Rampa de dirt-jump

Obxectivo: ofrecer un espazo cos recursos técnicos e humanos que faciliten o desenvolvemento das inxedanzas artísticas da mocidade viguesa, en especial, as relacionadas coa música.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- O servizo contribúe á promoción do acceso das mulleres aos recursos (uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Malia que o programa non se dirixe a mozos ou mozas de forma diferenciada, o programa contribúe ao desenvolvemento persoal e artístico das rapazas, ao facilitarlles o acceso aos recursos técnicos e humanos para o desenvolvemento das súas inxedanzas artísticas, en especial no eido da música.





Nestes espazos incídese, especificamente nas programacións mensuais de actividades, no reforzo dos valores da igualdade de xénero entre os e as participantes e promóvese a igualdade tanto a nivel de participación como no deseño de actividades formativas e participación en xeral. Son espazos que favorecen o contacto e a interacción permanente entre mozos e mozas.

Ademais, os pregos aprobados para a contratación do servizo de xestión deste centro incorporan como condición especial de execución “A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato”.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

No ano 2025, participaron directamente nas diferentes actividades ao redor de 75 participantes en talleres e 310 grupos de música. Deles, a porcentaxe de mulleres é dun 25%.

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES

4. Festival VIGODANCE 2026

Partida orzamentaria: “Programa axudas a escolas de danzas” 3370 4800000

Gasto previsto: 80.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

VIGODANCE é un innovador festival de danza multidisciplinar que:

- Tenta revitalizar as dinámicas sociais e culturais da comunidade viguesa, en especial, aquelas que fomenten a participación da mocidade.
- É unha plataforma para que asociacións veciñais e colectivos dedicados á danza poidan compartir a súa actividade e exhibir o seu talento ante o público.
- Ademais de ser un evento artístico, é un espazo transformador onde a danza convértese nunha ferramenta poderosa para reflexionar, conectar e fomentar a unión comunitaria.
- Potencia o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial da mocidade participante, e fomenta a súa participación nos distintos ámbitos da sociedade.
- Se desenvolve en 2 partes cronoloxicamente consecutivas: a Edición de Primavera (no ano 2025: 24 e 25 de maio) e a Edición de Outono (no ano 2025: 8 e 9 de novembro).

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Esta acción contribúe á promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Malia que non se dirixe a mozos ou mozas de forma diferenciada, o programa contribúe ao desenvolvemento persoal e artístico das rapazas, ao facilitarlles o acceso aos recursos técnicos e humanos para o desenvolvemento das súas inquiredanzas artísticas no eido da danza.





- Promove de forma transversal os valores sociais de igualdade na realización da acción, especialmente entre os mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, que son a maioría de participantes.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Segundo informe do Servizo, na Edición de Primavera 2025 (24 e 25 de maio) participaron un total de 753 bailaríns e bailarinas e 16 escolas, sen indicar datos desagregados por sexo, e se representaron un total de 78 shows de danza.



**SERVIZO DE DEPORTES****Programas orzamentarios:****3410 - Promoción e fomento do deporte** 4.266.162,10 €**3420 - IMD Instalacións deportivas** 18.557.615,92**Orzamento total previsto para o exercicio 2026:** 22.823.778,02**Accións/programas/medidas:**

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas polo Servizo de Deportes que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. A análise do impacto de xénero realizarase tendo en conta os datos achegados por ese Servizo.

Detállase a información para as seguintes accións, e seguindo o seguinte esquema:

Programa orzamentario 3410 - Promoción e fomento do deporte**Capítulo 4 Transferencias correntes:**

1. Convocatoria de subvencións a entidades deportivas.
2. Convocatoria de subvencións orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.

Programa orzamentario 3420 - IMD Instalacións deportivas**Capítulo 2. Gastos correntes en bens e servizos:**

3. Programa Municipal de Escolas Deportivas.

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES**1. Convocatoria de subvencións a entidades deportivas en relación á actividade deportiva da tempada 2025/2026****Partida orzamentaria:** “Subvencións a clubs e entidades sen fins de lucro” 3410 4890000**Gasto previsto:** 1.150.000,00 € (o criterio que ten relación co impacto de xénero suporá ao redor do 12%)**Descrición da acción e finalidade que persegue:**

Subvencións dirixidas a contribuír ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).





Malia que a práctica deportiva foi evolucionando, aínda segue a existir un enorme desequilibrio entre homes e mulleres na práctica dos deportes federados. Nas convocatorias establécese como criterio puntuable o número de licenzas femininas das entidades co obxecto de fomentar a participación de deportistas femininas nas diferentes competicións. Ao valorar o número de licenzas femininas para obter maior puntuación para o acceso ás subvencións, preténdese contribuír a un aumento da participación feminina nos distintos clubs deportivos da cidade.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Na convocatoria 2024-2025, beneficiáronse da acción 6.564 deportistas femininas, dun total de 24.291 licenzas valoradas (o 27,02%). Segundo o informe do Servizo, estes datos supoñen un incremento de 566 licenzas femininas na tempada.

2. Convocatoria de subvencións orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo

Partida orzamentaria: “Axudas deportistas individuais de elite” 3410 4800000

Gasto previsto: 50.000,00 €

Descrición da acción e finalidade que persegue:

O obxectivo da convocatoria é impulsar e apoiar os proxectos deportivos de deportistas de elite da cidade que participan nas máis altas competicións a nivel, fundamentalmente, internacional en modalidades deportivas individuais, xa que son estes e estas deportistas as que se atopan con máis dificultades para conseguir os recursos necesarios para poder continuar as súas carreiras deportivas.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Malia que a práctica deportiva foi evolucionando, aínda segue a existir un enorme desequilibrio entre homes e mulleres en porcentaxe de práctica nos deportes federados. Mediante estas axudas apóianse os proxectos deportivos de mulleres deportistas de elite.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

Na última convocatoria, beneficiáronse da acción 15 deportistas femininas, dun total de 43 deportistas, polo que o 34,88% das beneficiarias destas axudas foron deportistas femininas.

CAPÍTULO 2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS:**3. Programa municipal de Escolas Deportivas**

Partida orzamentaria: “Escolas deportivas” 3420 2260901

Gasto previsto: 510.000,00 €



**Descrición da acción e finalidade que persecue:**

O programa municipal de Escolas Deportivas desenvolve un proxecto no que se inclúe, en todas as modalidades, a posibilidade de que as deportistas participen en igualdade de condicións de espazos e tempos que os deportistas. Neste sentido, tamén se anima a que, tanto os proxectos existentes como os novos proxectos que se vaian incorporando, teñan sempre en consideración a necesidade de atender ás xoves deportistas.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o Servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- Medida que incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación).

Coa ampliación da oferta deportiva vinculada ao programa municipal de Escolas Deportivas, facilítase o acceso das nenas e mozas á práctica deportiva en calquera das súas modalidades.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado):

Participaron no programa 2.383 deportistas femininas (140 máis que o ano anterior) dun total de 5.240 participantes, o que supón o 45,47% do total de participantes.



**SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ****Programa orzamentario: 9240****Orzamento total previsto para o exercicio 2026: 1.959.091,18 €**

A continuación, recóllense os datos daquelas accións organizadas polo Servizo de Participación Cidadá que, a xuízo dese órgano xestor, teñen un impacto de xénero positivo. A análise do impacto de xénero realizarase tendo en conta os datos achegados por ese Servizo. Detállase a información para a seguinte acción:

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES**1. Convenio coa Asociación de amas de casa e consumo Agarimo****Partida orzamentaria: “Convenio Asociación Agarimo” 9240 4890006****Orzamento da acción: 20.000,00 €****Descrición da acción e finalidade que persegue:**

Axuda económica á Asociación de amas de casa e consumo Agarimo (que, no 2017, cumpriu vinte anos de actividade) para subvencionar os gastos de mantemento e alugamento do local social, necesarios para levar a cabo as actividades programadas pola entidade. A Asociación organiza todo tipo de actividades para dinamizar o tempo libre: viaxes, cursos de manualidades, clases de Pilates e de bailes de salón, coral, grupo de teatro e xogos son algunhas das súas ofertas.

Clasificación do impacto:

Impacto de xénero positivo indirecto.

Criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo:

- O programa incide na promoción do acceso das mulleres aos recursos (económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.

As actividades realizadas desde a Asociación promoven a participación, a socialización e o goce do tempo libre das mulleres na súa contorna, evitando o seu illamento.

Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo:

305 socios e socias, maioritariamente mulleres.





V. CONCLUSIÓN

V.a) ANÁLISE CUANTITATIVA DOS PRINCIPAIS DATOS E INDICADORES:

- Orzamento total municipal estimado para o exercicio 2026: 345.367.194,32 €
- Orzamento total dos servizos analizados: 82.382.404,98 €, 23,85% do total municipal, o que supón un incremento de 2,95 puntos con respecto ao do ano pasado.
- Orzamento analizado con impacto de xénero positivo: 40.120.576,55 € (48,70% do orzamento analizado, o que supón unha diminución de 3,65 puntos con respecto ao ano anterior).
 - Impacto de xénero positivo directo: 1.632.325,49 € (1,98% do orzamento analizado)
 - Impacto de xénero positivo indirecto: 38.488.251,06 € (46,72% do orzamento analizado)

En resumo, **a porcentaxe do orzamento total municipal analizado neste informe é o 23,85%**. Do orzamento total analizado, **o 48,70% ten un impacto de xénero positivo**, ben sexa de forma directa ou indirecta.

CADROS RESUMO DE CADA SERVIZO

A continuación expóñense as táboas que recollen os datos económicos e os principais indicadores de cada Servizo, en base as seguintes variables:

- O orzamento previsto no proxecto do orzamento para o exercicio 2026.
- As medidas seleccionadas por cada departamento con impacto de xénero positivo.
- A contía destinada a cada acción ou medida, e clasificada segundo o seu impacto directo ou indirecto na igualdade de xénero.
- A porcentaxe que representa o orzamento destinado a medidas ou accións con impacto de xénero directo con respecto ao total do orzamento do servizo.
- A porcentaxe que representa o orzamento destinado a medidas ou accións con impacto de xénero indirecto con respecto ao total do orzamento do servizo.
- A porcentaxe que representa o orzamento destinado a medidas ou accións con impacto de xénero positivo (directo+indirecto) con respecto ao total do orzamento do servizo.
- A porcentaxe que representa o orzamento destinado a medidas ou accións con impacto de xénero positivo (directo+indirecto) con respecto ao total do orzamento municipal.





SERVIZO DE IGUALDADE

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
1.647.887,49 €	Oficina de Igualdade	568.230,10 €		99,07	0,93	100,00	0,48
	Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller						
	Programa de atención psicolóxica a menores, fillos/as de mulleres vítimas da violencia de xénero usuarias do Centro de Información.	14.648,40 €					
	Rede municipal de vivendas de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.	33.500,00 €					
	Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia. SADI	187.227,13 €					
	Casa das mulleres	36.300,00 €					
	Centro de Documentación e Recursos Feministas	33.478,75 €					
	Actividades formativas para mellorar a empregabilidade de mulleres en situación de vulnerabilidade social	2.135,00 €					
	Elaboración e difusión de materiais e recursos	4.200,00 €					
	Campañas de sensibilización e concienciación social a prol da igualdade de oportunidades, a prevención e ao rexeitamento da violencia de xénero	50.821,65 €					
	Actividades formativas en igualdade de xénero	18.432,45 €					
	Campamentos urbanos con perspectiva de xénero	13.703,76 €					
	Programas dirixidos á comunidade escolar	63.610,10 €					
	Punto Lila	32.358,15 €					
	Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo	1.080,00 €					
	Reparacións e mantemento dos servizos adscritos		12.880,00 €				
	Dietas e locomoción cargos electos e persoal non directivo		2.482,00 €				
	Convenio para o mantemento do CEMVI	241.000,00 €					
	Subvencións para a promoción da igualdade e do deporte feminino	136.500,00 €					
	Convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres contra os Malos tratos	80.300,00 €					
	Axudas económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero	20.000,00 €					
	Convenio Fundación Santa Cruz, acollemento transitorio VVX	15.000,00 €					
	Convenio Fundamar, Proxecto Sereas	10.000,00 €					
	Mobiliario e equipamento CEMVI e pisos	5.000,00 €					
	Reparación cuberta CEMVI e outras melloras	65.000,00 €					
TOTAL		1.632.525,49 €	15.362,00 €				

Orzamento do Servizo de Igualdade: 1.647.887,49 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 1.647.887,49 € (o 100% do presuposto do Servizo e o 0,48 % do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 1.632.525,49 € (o 99,07 % do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 15.362,00 € (o 0,93% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 94 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
25.787.452,19 €	Servizos Sociais Comunitarios Básicos		3.798.008,36 €	0,00	86,30	86,30	6,44
	Programa socio-educativo e de apoio familiar		829.288,50 €				
	Centro integral de inclusión e emerxencia social		1.053.810,87 €				
	Servizo de Axuda no Fogar		13.995.072,00 €				
	Servizo de teleasistencia		192.000,00 €				
	Coidadores/as de barrio		610.896,00 €				
	Avellentamento activo		313.457,36 €				
	Xantar na casa		161.000,00 €				
	Axudas a familias		1.300.000,00 €				
		0,00 €	22.253.533,09 €				

Orzamento total do Servizo de Benestar Social: 25.787.452,19 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 22.253.533,09 € (o 86,30% do presuposto do Servizo e o 6,44% do presuposto municipal)

Orzamento con impacto de xénero directo: 0 € (o 0% do presuposto do Servizo)

Orzamento con impacto de xénero indirecto: 22.253.533,09 € (o 86,30% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo

97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:53

Páxina 95 de 107

CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
5.263.586,00 €	Programa de inserción laboral Vigo Emprega.		1.510.000,00 €	0,00	36,00	36,00	0,55
	Servizo Vigo Emprende		150.000,00 €				
	Axudas municipais á contratación		235.000,00 €				
		0,00 €	1.895.000,00 €				

Orzamento total do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego: 5.263.586,00 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 1.895.000 € (o 36,00% do presuposto do Servizo e o 0,55% do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 0 € (o 0 % do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 1.895.000 € (o 36,00% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 96 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



SERVIZO DE EDUCACIÓN

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
18.247.147,62 €	Rede de Escolas Infantís Municipais		2.339.123,50 €	0,00	50,91	50,91	2,69
	Escolas Municipais de Ensinanzas non regradas		996.607,45 €				
	Escola Municipal de Artes e Oficios		1.286.426,74 €				
	Educación básica de persoas adultas		39.000,00 €				
	Convenio Federación Olívica de ANPAs de Vigo e comarca		642.405,31 €				
	Programa educativo de mellora de competencias en linguas estranxeiras		3.325.000,00 €				
	Aula Universidade Nacional de Educación a Distancia		378.459,36 €				
	Consello Escolar Municipal de Vigo		26.940,00 €				
	Programa educativo "Vigo Educa" de desprazamentos e visitas didácticas		60.778,00 €				
	Programa didáctico "Visita o teu Concello"		19.849,61 €				
	Bolsas para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo		175.000,00 €				
TOTAL		0,00 €	9.289.589,97 €				

Orzamento total do Servizo de Educación: 18.247.147,62 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 9.289.589,97 € (o 50,91% do presuposto do Servizo e o 2,69% do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 0 € (o 0% do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 9.289.589,97 € (o 50,91% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 97 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



SERVIZO XESTIÓN E PROMOCIÓN CULTURAL

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
4.893.443,96 €	Programación municipal de artes escénicas Vigocultura	0,00 €	340.000,00 €	0,00 €	48,20 €	48,20	0,68
	Programación de actividades na Biblioteca Mpal XNV	0,00 €	340.737,00 €				
	Subvencións nominativas para o desenvolvemento de actividades culturais	0,00 €	1.177.700,00 €				
	Subvencións en concorrencia competitiva para o desenvolvemento de actividades culturais	0,00 €	500.000,00 €				
		0,00 €	2.358.437,00 €				

Orzamento total do Servizo de Xestión e Dinamización Cultural: 4.893.443,96 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 2.358.437,00 € (o 48,20% do presuposto do Servizo e o 0,68% do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 0 € (o 0% do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 2.358.437,00 € (o 48,20% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 98 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
347.462,74 €	Obradoiros de escrita creativa para persoas adultas/mocidade		2.592,00 €	0,00	8,94	8,94	0,01
	Curso de improvisación oral en verso		3.456,00 €				
	Curso de narración oral en prosa		3.456,00 €				
	Módulo de ferramentas teatrais para a narración oral		1.440,00 €				
	Módulo de poesía orientada á oralidade		2.160,00 €				
	Dinamización infantil e familiar		3.025,00 €				
	Datas conmemorativas (Letras Galegas)		5.920,00 €				
	Obradoiros e certame escolar de regueifas (Primaria, ESO, BAC)		9.000,00 €				
		0,00 €	31.049,00 €				

Orzamento total do Servizo de Normalización Lingüística: 347.462,74 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 31.049,00 € (o 8,94% do presuposto do Servizo e o 0,01% do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 0,00 € (o 0% do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 31.049,00 € (o 8,94% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 99 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



SERVIZO DE XUVENTUDE

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
1.412.555,78 €	Espazos de dinamización infantil da Casa da Xuventude e de Coia		142.780,00 €	0,00	64,80	64,80	0,27
	Campamentos urbanos de verán		600.000,00 €				
	Vigosónico		92.500,00 €				
	Festival VIGODANCE 2026		80.000,00 €				
TOTAL		0,00 €	915.280,00 €				

Orzamento total do Servizo de Xuventude: 1.412.555,78 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 915.280,00 € (o 64,80% do presuposto do Servizo e o 0,27% do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 0 € (o 0% do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 915.280,00 € (o 64,80% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 100 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



SERVIZO DE DEPORTES

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
22.823.778,02 €	Convocatoria de subvencións a entidades deportivas		1.150.000,00 €	0,00	7,49	7,49	0,50
	Convocatoria de subvencións orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo		50.000,00 €				
	Programa municipal de Escolas Deportivas		510.000,00 €				
		0,00 €	1.710.000,00 €				

Orzamento total do Servizo de Deportes: 22.823.778,02 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 1.710.000,00 € (o 7,49% do presuposto do Servizo e o 0,50% do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 0 € (o 0% do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 1.710.000,00 € (o 7,49% do presuposto do Servizo)





SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

ORZAMENTO TOTAL DO SERVIZO	NOME DA MEDIDA	ORZAMENTO CON IMPACTO DIRECTO	ORZAMENTO CON IMPACTO INDIRECTO	% CON IMPACTO DIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO INDIRECTO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO DO SERVIZO	% CON IMPACTO POSITIVO DE XÉNERO RESPECTO DO ORZAMENTO TOTAL MUNICIPAL
1.959.091,18 €	Convenio coa Asociación amas de casa e consumo Agarimo		20.000,00 €	0,00	1,02	1,02	0,0058
		0,00 €	20.000,00 €				

Orzamento total do Servizo de Participación Cidadá: 1.959.091,18 €

Orzamento con impacto de xénero positivo: 20.000,00 € (o 1,02% do presuposto do Servizo e o 0,0058% do presuposto municipal)

- Orzamento con impacto de xénero directo: 0 € (o 0% do presuposto do Servizo)
- Orzamento con impacto de xénero indirecto: 20.000,00 € (o 1,02% do presuposto do Servizo)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:53	Páxina 102 de 107
97-142	CSV: AAAEDH-B9DB2B-5EECBH-P47K1T-4YVUJ3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



V.b) ANÁLISE CUALITATIVA DOS PRINCIPAIS DATOS E INDICADORES

A análise dos orzamentos desde unha perspectiva de xénero é unha ferramenta necesaria para incorporar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes de maneira transversal en todas as políticas públicas, tal e como establece a normativa vixente.

Ademais, permite avaliar o efecto das políticas de gastos e ingresos no mantemento ou eliminación das desigualdades e o grao de compromiso da Administración municipal coa igualdade de xénero.

O Concello de Vigo incorpora o informe do impacto de xénero dos seus orzamentos desde o ano 2018. Nun principio, comezouse coa análise unicamente dos programas de gasto desenvolvidos polo Servizo de Igualdade, departamento con competencias municipais directas en materia de igualdade de xénero. Desde o exercicio 2022, o informe inclúe na análise outras áreas municipais, seleccionadas pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria municipal, en base á súa maior capacidade de influír coa súa intervención na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de reducir as brechas de xénero.

Segundo información facilitada pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria municipal, o proxecto do orzamento de todo o Concello de Vigo para o ano 2026 estímase en 345.367.194,32 €. O orzamento total dos departamentos incluídos nesta análise para o ano 2026 ascende a 82.382.404,98 €. Polo tanto, neste informe analizouse o 23,85% do orzamento total municipal, porcentaxe superior en 2,95 puntos á analizada no exercicio orzamentario pasado.

A partir da análise dos datos, detéctase que 40.120.576,55 € do presuposto dos servizos analizados teñen un impacto de xénero positivo. Isto supón que, **do proxecto do orzamento do exercicio 2025 dos Servizos analizados**, os programas de gasto **con impacto de xénero positivo supoñen o 48,70 % destes Servizos** (desta porcentaxe, o 1,98% supón un impacto directo e o 46,72% un impacto indirecto). Non obstante, **os orzamentos dos programas analizados con impacto de xénero positivo representan tan só o 11,62 % do orzamento total do Concello**.

As conclusións que podemos extraer destes datos son as seguintes:

1. Neste informe tan só se está a analizar unha pequena parte do orzamento municipal.

Dado que tan só se analiza o 23,85% do orzamento total municipal, existe unha ampla porcentaxe do orzamento municipal que non se analiza (o 76,15%). Se a análise se ampliase a outros departamentos, a porcentaxe de gasto con impacto de xénero positivo con seguridade aumentaría, e representaría máis dese escaso 11,62%. Hai que ter en conta a capacidade que teñen determinados programas para influír na eliminación das desigualdades entre mulleres e homes, malia que esa non sexa a súa intención a priori, tal e como demostra a porcentaxe do orzamento dos Servizos analizados (o 48,70%) que teñen impacto de xénero positivo.

2. Os servizos incorporados a esta análise desenvolven programas ou accións con impacto de xénero positivo directo e indirecto en maior ou menor medida. Algúns porque desenvolven accións cuxa intención principal é a consecución da igualdade entre mulleres e homes, outros que, malia non ter esa intencionalidade principal, desenvolven accións que repercuten de forma positiva na consecución da igualdade. Podemos facer a seguinte clasificación:






- **O Servizo de Igualdade**, dado que é o Servizo municipal que ten asignadas as competencias dirixidas a promover a igualdade de xénero no municipio, **é o que incorpora accións e medidas con impacto de xénero positivo en maior medida**: a práctica totalidade do seu orzamento está dirixido a desenvolver accións con impacto directo. Ben porque os programas que desenvolve están orientados a pechar as brechas de desigualdade mediante medidas focalizadas en mulleres, ou ben porque os seus programas integran accións dirixidas a transformar roles e estereotipos que reproducen as discriminacións de xénero.
- **O resto de servizos municipais analizados neste informe incorporan medidas, na súa totalidade, de impacto de xénero positivo indirecto**, a través de programas que, malia que o obxectivo da igualdade non é o seu obxectivo principal, si integran medidas que repercuten de forma positiva na consecución da igualdade, malia que sexa de forma indirecta, como a incorporación de contidos transversais na acción principal dirixidos a modificar roles e estereotipos, o desenvolvemento de programas ou medidas que promoven o acceso das mulleres aos recursos, ou porque fomentan a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida.


Así, a porcentaxe de impacto de xénero positivo (directo ou indirecto) de cada un dos departamentos é o reflectido nas seguintes gráficas:

Gráfica 1. Porcentaxe do orzamento de cada Servizo analizado con impacto de xénero positivo respecto do seu propio orzamento:





Gráfica 2. Porcentaxe do orzamento de cada Servizo analizado con impacto de xénero positivo respecto do seu propio orzamento, diferenciando o impacto directo do indirecto:



3. Podemos destacar as seguintes medidas favorecedoras da igualdade entre mulleres e homes sinaladas polos distintos Servizos incorporados á análise:

- Todos os departamentos obxecto de análise facilitaron **datos desagregados en función do sexo**, ou incluíron a porcentaxe de mulleres e homes beneficiarias/usuarias dos programas municipais, malia que non en todos os programas. Non obstante, será preciso incluír máis datos e estudos sectoriais que permitan realizar diagnósticos sobre a situación de mulleres e homes de cara a analizar mellor as posibles brechas de xénero existentes, así como definir novos indicadores nas distintas áreas da administración municipal para poder avaliar o seguimento e evolución dos programas e a súa contribución á igualdade de xénero. Coa recollida e análise destes datos poderase chegar a conclusións que permitan decidir continuar coas medidas adoptadas ou introducir outras novas que se consideren necesarias.
- A totalidade dos Servizos incorporan nos seus programas **medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos**.
- Ademais, algúns Servizos incorporan de forma transversal **medidas que fomentan o cambio de roles e estereotipos** a través da programación de actividades, con contidos dirixidos a visibilizar e empoderar as mulleres: Servizos como Igualdade, Desenvolvemento





Local e Emprego, Educación, Promoción e Xestión Cultural, Normalización Lingüística e Xuventude.

- Catro dos nove Servizos analizados inclúen **programas que fomentan a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida:** Igualdade, Benestar Social, Educación e Xuventude.
- Catro dos nove Servizos analizados fixeron referencia ao **uso e promoción dunha linguaxe e imaxe non sexista e inclusiva:** Igualdade, Desenvolvemento Local e Emprego, Xestión e Promoción Cultural e Normalización Lingüística. O uso dunha linguaxe non sexista contribúe a modificar a percepción da realidade das mulleres e homes dunha forma máis integradora e igualitaria, e a dar visibilidade ás mulleres. Ademais, é unha esixencia para as administracións conforme coa normativa vixente. Por tanto, é importante que a totalidade dos departamentos municipais promovan e fagan uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista no desenvolvemento dos seus programas e na relación coa cidadanía.
- Tamén é destacable a **incorporación de cláusulas de igualdade entre mulleres e homes na elaboración dos pregos para a contratación dos servizos.** Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.06.2014, polo que se introducen criterios sociais e ambientais nos procedementos de contratación promovidos polo Concello de Vigo, obrígase a incluír cláusulas que obriguen ás adxudicatarias a establecer medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato nas condicións especiais de execución dos PCAP. Achegaron datos sobre a inclusión de cláusulas deste tipo nos seus contratos os seguintes servizos: Desenvolvemento Local e Emprego, Educación, Xuventude e Igualdade. Sería interesante que todos os departamentos municipais inclúisen non só esta cláusula, senón tamén outras favorecedoras da igualdade nos seus contratos, conforme co disposto na Lei 9/2017 de contratos do sector público, ou que incorporasen cláusulas de fomento da igualdade dentro das convocatorias de subvencións correspondentes. Nesta liña, é positivo que as entidades beneficiarias de subvencións ou dos contratos públicos municipais achen unha memoria de resultados da actividade con datos desagregados por sexo e valoración de impacto de xénero.

4. Estes datos reflicten a forte capacidade de incidir sobre a igualdade de xénero non só do Servizo de Igualdade (departamento municipal cuxa totalidade de programas teñen impacto directo positivo), senón tamén doutros nos que, a priori, podería parecer que os seus programas son neutros ao xénero. Non obstante, que unha acción ou medida non discrimine ou se dirixa á poboación xeral sen diferenciar homes ou mulleres, pode ter impactos diferentes na vida de uns e outras.

5. Finalmente, podemos destacar o esforzo realizado polos distintos departamentos municipais, que facilitaron a información dos seus respectivos programas orzamentarios. Esta análise permitirá que os distintos departamentos poidan **planificar desde unha perspectiva de xénero as súas accións**, tendo en conta as diferentes necesidades detectadas e, por tanto, contribuír a unha **maior eficacia da acción municipal.**





6. Detéctase que algúns departamentos non inclúen nos seus informes partidas orzamentarias que poderían ter un impacto de xénero. Ademais, sería desexable a incorporación progresiva de información dos distintos Servizos neste informe que permitise **ampliar a análise á totalidade das Áreas municipais**.

7. Para favorecer a consecución deste obxectivo, será fundamental que a totalidade do persoal con competencias na planificación de programas e medidas das súas respectivas Áreas contén con **formación en materia de igualdade** e en materia de elaboración de presupostos desde a perspectiva de xénero, que permita sistematizar o proceso de inclusión do enfoque de xénero nos orzamentos. Destácase positivamente que se inclúe na intranet municipal un apartado específico onde todo o persoal municipal pode consultar información sobre as convocatorias de formación que ofrecen distintas administracións públicas en materia de igualdade: formación en xénero, acoso sexual, acoso por razón de sexo e outros tipos de acoso discriminatorio, violencia de xénero, etc.

Mediante a inclusión da perspectiva de xénero no proceso de orzamentación de cada un dos departamentos municipais, conseguírase acadar unha mellor detección das necesidades da poboación do municipio, permitindo mellorar a planificación dos programas e unha distribución dos recursos máis xusta e equitativa.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

